

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**1130** *Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego.*

I

O Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, no seu título I, recolle o III Acordo social en defensa do emprego (III ASDE), alcanzado, no seo da Comisión de Seguimento Tripartita Laboral, polo Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e os axentes sociais.

Esta norma, entre outras cuestións, estipulou a prórroga dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) regulados polo artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19; a ampliación das medidas de protección das persoas traballadoras, tanto na contía e nas condicións das prestacións por desemprego como a través da creación de medidas dirixidas a novos colectivos; o recoñecemento de sectores que requirían dunha especial protección para a salvagarda do emprego e do tecido produtivo, así como a regulación de dúas novas situacións de forza maior que poden dar lugar a un ERTE de forza maior (ERTE baseado no impedimento ou ERTE baseado nas limitacións de actividade) vinculadas a exencións á Seguridade Social e á especial protección das persoas traballadoras.

Todo iso coa intención de responder a unha situación pandémica de complexidade crecente, dotando as empresas e persoas traballadoras dos instrumentos necesarios para facer fronte, a través de medidas de flexibilidade interna, ás modulacións da actividade derivadas das medidas de restrición sanitaria de adopción imperativa por parte das autoridades competentes.

Poucas semanas despois, ante un contexto cada vez máis preocupante nos principais indicadores epidemiolóxicos e asistenciais, o Goberno aprobou o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, co obxectivo de dotar de seguridade xurídica aquelas limitacións de mobilidade e de contactos a través das cales as autoridades sanitarias das comunidades autónomas están a facer fronte á pandemia.

En atención, precisamente, á delicada situación daqueles sectores especialmente afectados no desenvolvemento normalizado da súa actividade polas medidas sanitarias de contención, o Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio e en materia tributaria, efectuou, a través do seu artigo 7, unha revisión dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09– considerados no III ASDE de acordo cos criterios acordados no seo do diálogo social, incorporándoos á protección reforzada sinalada na disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, co obxectivo expreso de establecer medidas para garantir a sustentabilidade e a protección do emprego en empresas pertencentes a determinados sectores respecto dos cales se acreditou unha especial vulnerabilidade e incidencia sobrevida dos efectos económicos e sociais da pandemia.

O conxunto de medidas reflectidas no título I do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, demostrou a súa eficacia para a protección do tecido produtivo e das persoas traballadoras nun momento de extremada complexidade nos ámbitos sanitario, económico e social, contribuíndo desde o mes de outubro de 2020, de xeito decisivo, a soste as empresas e, en definitiva, a protexer o emprego.

O 8 de xaneiro de 2021, as organizacións sindicais UGT e CC OO, as patronais CEOE e Cepyme, o Ministerio de Traballo e Economía Social e o Ministerio de Inclusión,

Seguridade Social e Migracións reuníronse de novo na Mesa de Diálogo Social especializada na materia, a Comisión de Seguimento Tripartita Laboral, co obxectivo de valorar a necesidade de adoptar novas medidas de defensa do emprego, as persoas traballadoras e as empresas, para continuar facendo fronte á situación de crise derivada do impacto da COVID-19.

O día 19 de xaneiro de 2021 alcanzouse o IV Acordo social en defensa do emprego, cuxo contido reflicte, precisamente, a confianza das organizacións e dos ministerios asinantes nas medidas que, desde o 1 de outubro de 2020, serviron de auxilio indispensable á nosa economía. Neste sentido, o presente real decreto lei, que contén as medidas que forman parte deste IV ASDE, supón unha prórroga das medidas que se reflectiron no III ASDE, aínda que cunha importante simplificación en termos de xestión para as empresas beneficiadas polas medidas recollidas nel.

## II

A situación de pandemia xerada pola propagación do virus SARS-CoV-2 permanece con tal incidencia na saúde e na economía que obrigou as autoridades competentes non só a manter as medidas xa adoptadas, senón tamén a adoptar novas medidas máis restritivas que tiveron un especial impacto nos ámbitos da hostalaría, da restauración e do lecer. Debido a que a maior parte dos empresarios integrantes dos ditos sectores son autónomos, a súa situación viuse agravada.

O Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, estableceu medidas excepcionais de protección en favor dos traballadores autónomos e regulou prestacións de cesamento de actividade para quen se viu obrigado a suspender a súa actividade ou viu afectados os seus negocios por unha redución considerable na facturación, de xeito que se puña en risco non só a permanencia da súa actividade, senón tamén a propia estabilidade económica das súas familias. Estas medidas configuráronse na súa maioría para permanecer ata o 31 de xaneiro de 2021, ben que a gravidade da incidencia que a pandemia está a ter en todos os ámbitos da nosa sociedade puxo de manifesto a necesidade de ampliar e prorrogar as medidas de protección destes traballadores.

Por iso, as medidas incorporadas nesta norma teñen por obxecto efectuar os axustes necesarios para manter as medidas de apoio que se estableceran no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, e que se seguen considerando imprescindibles cara á recuperación do tecido produtivo.

As modificacións afectan tres aspectos: a prestación extraordinaria por cesamento de actividade, a prestación extraordinaria para traballadores autónomos de tempada e a ampliación da prestación ordinaria de cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia, en favor dos traballadores autónomos que non accedesen a ela conforme o Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, incluído o mantemento do acceso á prestación de cesamento de actividade daqueles traballadores que, por teren carencia, a veñen percibindo ata o 31 de xaneiro de 2021.

En vista do exposto, considérase que as razóns aducidas xustifican amplamente o recurso á súa aprobación mediante real decreto lei, xa que a urxente necesidade de paliar as consecuencias para os traballadores autónomos da crise económica producida pola COVID-19 non admite a demora que suporía a súa tramitación mediante un proxecto de lei e é, polo tanto, conforme coas previsións do artigo 86 da Constitución española.

Por outro lado, e con esta mesma finalidade, establécense medidas que tratan de abordar, coa urxencia requirida, a axilización efectiva dos procedementos administrativos, facilitando o cumprimento das obrigas e prolongando a regulación de determinadas previsións co fin de non xerar novas obrigas nunha situación tan extraordinaria como a que está a sufrir o noso país.

Entre estas medidas están as relacionadas coa cotización, que lles garanten ao empresario e aos traballadores o mantemento das bases mínimas de cotización vixentes en 31 de xaneiro de 2019, e ata que se leve a cabo a suba do salario mínimo interprofesional. Trátase de aliviar a carga que tanto uns coma outros deben soportar, sen

prexuízo de que, cando exista acordo social sobre o incremento salarial, iso deba ter o seu reflexo nas cotizacións, co fin de non agravar o prexuízo que unha medida desta natureza ocasionaría ao sistema da Seguridade Social, que se nutre fundamentalmente das cotizacións dos empresarios e traballadores.

Así mesmo, a situación de pandemia puxo de manifesto as deficiencias existentes na tramitación dos procedementos administrativos, que non permitiron actuar coa suficiente axilidade como para facer fronte ás demandas da cidadanía, o cal xerou, no ámbito da Seguridade Social, un atraso na atención ao interesado e na capacidade de dar resposta inmediata ás súas necesidades. Por iso, adóptanse medidas para tratar de atender o antes posible as solicitudes e evitarlles aos cidadáns o grave prexuízo que suporía ver atrasado o recoñecemento das prestacións que puidesen causar. E, coa mesma finalidade, adóptanse tamén medidas destinadas a garantir o intercambio de información entre as administracións públicas e o acceso, por parte da Administración da Seguridade Social, aos datos dos traballadores e perceptores de prestacións.

Tamén co obxectivo de garantir unha protección social adecuada para aqueles que se nos presentan como máis desfavorecidos, acórdase prorrogar, durante o ano 2021, os efectos que a disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, outorga aos traballadores próximos á idade de xubilación que cesasen na súa actividade antes de 2013, permitíndolles acceder á xubilación conforme a normativa anterior á entrada en vigor da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social. Esta medida presenta unha especial urxencia, posto que a disposición transitoria cuarta, na súa actual redacción, soamente alcanza as prestacións que se orixinen «antes do 1 de xaneiro de 2021».

### III

O presente real decreto lei inclúe oito artigos, distribuídos en dous títulos, seis disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única, once disposicións derradeiras e un anexo.

O IV Acordo social en defensa do emprego queda recollido no título I, que inclúe os catro primeiros artigos, así como nas disposicións adicionais primeira e segunda e na disposición transitoria primeira.

O artigo 1 da norma determina a prórroga de todos os ERTE baseados nunha causa de forza maior relacionada coa COVID-19, ata o 31 de maio de 2021, regulados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, coa finalidade de cubrir todo o período temporal comprendido pola duración do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro.

Seguirán sendo aplicables, ademais, os expedientes temporais de regulación de emprego de forza maior por impedimentos á actividade autorizados sobre a base do previsto no artigo 2.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, e na disposición adicional primeira.2 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, ata o seu remate conforme a resolución estimatoria. Os ERTE de forza maior de limitación ao desenvolvemento normalizado da actividade con base no previsto no artigo 2.2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, seguirán sendo aplicables ata o 31 de maio de 2021.

O artigo 2 da norma regula dúas cuestións diferenciadas. Por unha banda, recoñece a posibilidade de presentar novos ERTE por limitacións ou impedimentos, en idénticos termos aos fixados polo artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, e conforme as causas descritas neste.

Doutra banda, neste precepto dispónse como novidade que, unha vez que unha empresa obteña unha resolución estimatoria nun ERTE de forza maior por impedimento á actividade, se poida, sen necesidade de tramitar outro novo expediente, pasar a aplicar sen solución de continuidade as medidas correspondentes á situación de limitacións ao desenvolvemento normalizado da actividade, e viceversa, sen prexuízo das obrigas de comunicación e das porcentaxes de exoneración que correspondan en cada caso.

O anterior será, así mesmo, aplicable respecto das resolucións xa ditadas de acordo co previsto no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, e na disposición adicional primeira.2 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño.

O artigo 3 do presente real decreto lei establece a prórroga dos efectos do resto de contidos complementarios do III ASDE incluídos no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, tales como as especialidades aplicables aos expedientes vinculados á COVID-19 pero baseados en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, os límites relacionados coa repartición de dividendos e a transparencia fiscal, as horas extraordinarias e as novas externalizacións, así como as limitacións e previsións establecidas en relación coas extincións baseadas nas causas que fundamentan os ERTE relacionados coa COVID-19 e a interrupción do cómputo dos contratos temporais.

No que se refire á salvagarda de emprego, prevese a prórroga dos efectos do artigo 5 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de maneira que as condicións aplicables á dita salvagarda, tanto respecto das exoneracións gozadas con carácter previo á entrada en vigor deste real decreto lei coma respecto ás previstas neste, son as descritas no citado artigo 5, así:

– Os compromisos de mantemento do emprego xerados en virtude dos beneficios recollidos no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no artigo 6 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, e no propio Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, continúan vixentes nos termos previstos nas ditas normas e polos prazos recollidos nestas.

– As empresas que, conforme o previsto neste real decreto lei, reciban exoneracións nas cotas á Seguridade Social quedan comprometidas, con base na aplicación das ditas medidas excepcionais, a un novo período de seis meses de salvagarda do emprego, cuxo contido, requisitos e cómputo se efectuarán nos termos establecidos na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e no propio artigo 5 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

– Se a empresa estivese afectada por un compromiso de mantemento do emprego previamente adquirido, o inicio do novo período previsto producirase cando aquel remate.

Polo tanto, a cláusula de salvagarda volve desprezar todo o seu contido, o que implica que as empresas, unha vez cumpridos os períodos de 6 meses de salvagarda de emprego que tivesen adquirido segundo o previsto nas normas previas, se comprometen, en virtude deste real decreto lei, ao mantemento do emprego durante outro novo período de 6 meses de duración, cuxo cómputo se inicia unha vez finalizados os anteriores na súa integridade.

O artigo 4 recolle as medidas para a protección das persoas traballadoras. O equilibrio necesario propio do carácter acordado das normas que se adoptaron e plasmaron no presente real decreto lei exige que a garantía da viabilidade das empresas a través das exoneracións, que redunde efectivamente en si mesma na protección do emprego a través das medidas de flexibilidade interna, se complete coa protección das persoas traballadoras, dado que ambas as dúas partes quedan suxeitas a idénticas condicións restritivas, co mesmo alcance e conforme as mesmas exigencias.

Este artigo, polo tanto, reflicte a prórroga das medidas extraordinarias en materia de protección das persoas traballadoras. Concretamente, manteñen a súa vixencia as medidas de protección por desemprego previstas no artigo 8 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, coa conservación do tipo do 70 % aplicable á base reguladora para o cálculo da prestación, evitando que a partir dos 180 días consumidos esta porcentaxe caia ao 50 %; a conservación do contador a cero nos termos previstos no número 7 do dito precepto, así como as medidas de protección das persoas con contrato fixo discontinuo previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo. Seguirán resultando aplicables, ademais, a prestación extraordinaria para persoas con contrato fixo discontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas, en virtude da prórroga do artigo 9 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro; as medidas previstas no artigo 10 da dita norma sobre cobertura de períodos de cotización daquelas persoas traballadoras incluídas en expedientes de regulación temporal de emprego que non sexan beneficiarias de prestacións de

desemprego, e a compatibilidade das prestacións por desemprego co traballo a tempo parcial nos termos do artigo 11 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

O título II dedícase ás medidas de apoio aos traballadores autónomos.

O artigo 5 regula a prestación extraordinaria por cesamento de actividade de forma similar á introducida polo artigo 13.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, en favor daqueles autónomos que se vexan obrigados a suspender totalmente as súas actividades en virtude da resolución que poida adoptarse ao respecto.

O artigo 6 introduce a posibilidade de acceder a unha prestación extraordinaria de cesamento de actividade para aqueles traballadores autónomos que, non sendo afectados polo peche da súa actividade, ven reducidos os seus ingresos e non teñen acceso á prestación de cesamento de actividade regulada no artigo 7 ou nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, nin á prestación de cesamento de actividade prevista no artigo 7.

O artigo 7 regula a prestación de cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia.

O artigo 8 establece unha prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores de tempada que desenvolvan a súa actividade polo menos durante tres meses na primeira metade do ano.

A disposición adicional primeira inclúe as empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por ERTE (cifrada nunha porcentaxe do 15 % do total de persoas asalariadas de alta no réxime xeral da Seguridade Social) e cunha reducida taxa de recuperación de actividade (definida como a afectación por ERTE de, polo menos, o 70 % do total de persoas asalariadas integrantes do dito sector ou CNAE). Para estas empresas e aquelas que foron cualificadas como integrantes da súa cadea de valor ou dependentes destas, de acordo co recollido na disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, mantense unha especial protección mediante o recoñecemento automático de exoneracións na cota empresarial á Seguridade Social aplicables tanto ás persoas afectadas por ERTE coma ás non afectadas.

Así, recóllense unhas medidas extraordinarias en materia de cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta vinculadas a expedientes de regulación temporal de emprego, en liña coas medidas similares xa adoptadas anteriormente respecto a tales expedientes no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego; no Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, e no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, sempre que todas elas prorroguen automaticamente os ditos expedientes temporais de emprego, que poderán ir ata o 31 de maio de 2021, e que as ditas empresas pertencen a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de emprego e cunha reducida taxa de recuperación de actividade, cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09–, que se inclúen no anexo deste real decreto lei.

A disposición adicional segunda volve referir as funcións xa clásicas da Comisión de Seguimento Tripartita Laboral, que tamén reedita a composición e o calendario de reunións previsto.

A disposición adicional terceira, como en normas precedentes, inclúe a prórroga da vixencia do artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, no que se regula o Plan Coidame.

A disposición adicional cuarta prorroga a suspensión temporal do requisito de acreditación de busca activa de emprego no acceso ao programa de renda activa de inserción e ao subsidio extraordinario por desemprego, prevista na disposición adicional primeira do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.

A disposición adicional quinta mantén as bases mínimas de cotización vixentes en 31 de decembro de 2019 mentres non se leve a cabo a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2021.

A disposición adicional sexta encomenda á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da seguridade, constituída ao abeiro da disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, o seguimento e a avaliación das medidas que se establecen neste real decreto lei.

Pola súa banda, a disposición transitoria primeira establece a aplicación das previsións do artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, desde o 1 de xaneiro de 2021.

A disposición transitoria segunda prevé a prórroga da prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19 prevista no número 1 do artigo 13 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

A disposición transitoria terceira establece un réxime transitorio de verificación de datos de identidade por parte da Administración da Seguridade Social, así como do Servizo Público de Emprego Estatal, mentres non se diten as resolucións da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións e da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, previstas no artigo 129.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A disposición transitoria cuarta suspende a suba de tipos prevista na disposición transitoria segunda do Real decreto Lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, polo que os tipos de cotización aplicables por contingencias profesionais e por cesamento de actividade dos traballadores autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar serán os vixentes en 31 de decembro de 2020.

A disposición transitoria quinta fixa o réxime aplicable ás solicitudes de prestacións ou subsidios que xa fosen formuladas ou resoltas favorablemente ao abeiro do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro.

A disposición derogatoria única recolle unha cláusula xenérica de derogación normativa ao mesmo tempo que establece a derogación expresa da disposición adicional décimo sexta do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, e dos artigos 13 e 14 e da disposición adicional cuarta do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

A disposición derradeira primeira inclúe unha modificación do artigo 25.2 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, co obxectivo de aclarar os requisitos exixibles para aplicar a medida descrita no artigo 25.1.a) da devandita norma e relativa ao período de ocupación cotizada necesario para o recoñecemento das prestacións por desemprego no caso de expedientes temporais de regulación de emprego.

Pola súa banda, por razóns de mellora técnica e fóra do ámbito do ASDE IV, inclúese unha disposición derradeira segunda de modificación do artigo 9.2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, que aclara a posibilidade de acceso á prestación extraordinaria prevista no dito precepto para as persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas.

A disposición derradeira terceira modifica os artigos 89, 97, 105 e 106 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. En concreto, o artigo 89 debe ser obxecto de corrección para manter a correspondencia entre preceptos.

Así mesmo, modifícase o artigo 97.a) ante a urxente necesidade de flexibilizar e clarificar os requisitos e as vías de acceso ao Sistema nacional de garantía xuvenil das persoas menores non acompañadas, co obxectivo, por un lado, de darlle a este colectivo maior facilidade para inscribirse no ficheiro e de aclarar o requisito do permiso de traballo exixido legalmente e, por outro, de garantir que o citado colectivo poida acceder aos programas e plans a curto e medio prazo de atencións ofertados no marco da Garantía xuvenil.

O artigo 105 require igualmente unha revisión para a súa adaptación ao espírito das medidas adoptadas polo Goberno para o mantemento do emprego en período de pandemia e debe flexibilizarse o requisito de non ter traballado o día natural anterior para

que a persoa nova poida recibir calquera atención educativa/formativa no marco da Garantía xuvenil.

A disposición derradeira cuarta modifica a alínea a) do artigo 53.1 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, para a adecuación do procedemento administrativo sancionador na orde social ás posibilidades que as novas tecnoloxías permiten, a través dun procedemento especial iniciado mediante a extensión de actas de infracción automatizadas, é dicir, sen intervención directa dun funcionario actuante na súa emisión e sen redución das garantías xurídicas dos administrados.

A disposición derradeira quinta modifica o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co seguinte alcance:

Por unha banda, dáse unha nova redacción ao artigo 40, que regula a obriga de cesión ou comunicación de datos á Administración da Seguridade Social para o cumprimento principalmente das funcións de carácter recadatorio, para estender a dita obriga á subministración de datos, informes ou antecedentes que deben permitir o desempeño das súas funcións en relación con calquera do resto das súas competencias e, en concreto, en materia de liquidación e control da cotización; o acceso a esta información precisa que sexa posible a través da utilización de plataformas de intermediación de datos e a súa utilización mediante técnicas de tratamento analítico da información.

A urxente necesidade desta modificación normativa encóntrase relacionada coa necesidade de implantación dos controis sobre as exencións na cotización aplicadas nas liquidacións de cotas a partir do pasado mes de marzo de 2020.

Así mesmo, resulta necesario habilitar o marco xurídico para dar cobertura plena a futuros convenios de colaboración de intercambio de datos en materia estatística, considerando o volume cada vez máis elevado de peticións de datos que realizan outros organismos, así como a necesidade de colaboración por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social con outras administracións públicas, para os efectos de obter reciprocamente datos dos seus rexistros administrativos para o seu tratamento estatístico.

Adicionalmente, modifícanse o título e os números 1 e 3 do artigo 71, co fin de garantir a xestión eficaz da acción protectora do sistema da Seguridade Social, ao regular de forma máis adecuada e actualizada a subministración de información ás entidades xestoras da Seguridade Social, o que redundará nun menor tempo de tramitación no recoñecemento das prestacións e ampliará a posibilidade de automatizar parte das actuacións necesarias para iso.

Os cambios propóñense nun momento en que a pandemia puxo de manifesto a necesidade de buscar formas de atención alternativas á presencial e, pola súa vez, onde é obxectivo potenciar o teletraballo na medida do posible; por iso, é urxente regular o acceso ás historias clínicas, elemento esencial para poder valorar a situación de incapacidade dun traballador. A dispoñibilidade do acceso telemático ás historias clínicas permite que os propios inspectores médicos poidan realizar as súas valoracións sen necesidade de citar o traballador para realizarlle un recoñecemento presencial, naqueles supostos en que consideren que a información contida no historial clínico o fai innecesario. Evitando esta cita diminúese o risco de propagación e contaxio do virus COVID-19.

Así mesmo, régúlase esta mesma capacidade para a inspección dos servizos públicos de saúde, que nestes momentos é necesario descargar de tarefas administrativas e dotar de axilidade a súa xestión.

As modificacións propostas no artigo 71, pola súa vez, supoñen para as entidades xestoras unha mellora na xestión, ao poder obter en prazos máis breves a información necesaria e dispor desta en formatos electrónicos, compatibles cos aplicativos informáticos que se utilizan para o recoñecemento das prestacións.

Por outra banda, faise necesario recoller o acceso aos historiais clínicos de determinados traballadores do réxime especial do mar, coa finalidade de mellorar a xestión e evitar o sometemento destes a probas médicas repetitivas para distintas finalidades.

Para a cidadanía, esta mellora significa eximila da carga que supón achegar información cuxa subministración devén en obrigatoria.

A modificación do número 1 do artigo 77 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social ten como obxectivo permitir o tratamento e a cesión dos datos por parte das entidades xestoras e dos servizos comúns da Seguridade Social a outras administracións públicas, na medida en que son necesarios para o exercicio das súas funcións, moitas delas conectadas coas funcións da Administración da Seguridade Social.

Por outra parte, dáse unha nova redacción ao artigo 129 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, co fin de actualizar a súa regulación e ampliar as súas previsións relativas á autenticación dos interesados e ao uso da sinatura nos procedementos da Administración da Seguridade Social e do Servizo Público de Emprego Estatal.

Coa modificación do artigo 130 complétase a súa regulación e esténdense as súas actuais previsións sobre xestión automatizada nos procedementos de xestión, tanto da protección por desemprego previstos no título III como das restantes prestacións do sistema da Seguridade Social, excluídas as pensións non contributivas, aos procedementos de afiliación, cotización e recadación.

Así mesmo, régúlese que a determinación dos termos e das condicións para o uso doutros medios que permitan acreditar a identidade dos interesados se articulará a través de resolución da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, ben que, mentres non se dite, segundo o disposto na disposición transitoria terceira deste real decreto lei, a Administración da Seguridade Social poderá levar a cabo a verificación da identidade dos interesados nos procedementos por ela xestionados mediante o contraste dos datos ou da información que sobre aqueles conste no seu poder e que se poida realizar a través de medios non presenciais.

Do mesmo xeito, resulta necesario incorporar unha disposición adicional trixésimo terceira no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, para modificar a competencia territorial dos órganos provinciais das entidades xestoras e dos servizos comúns da Seguridade Social, no sentido de posibilitar que as súas direccións provinciais e unidades dependentes poidan actuar en ámbitos diferentes ao da súa demarcación provincial, de acordo cos termos e coas condicións que determine o seu máximo órgano de dirección, o que permite así alcanzar un maior grao de eficacia e eficiencia na xestión e facilita a adaptación da organización aos cambios que demanda a sociedade.

Por outra banda, engádese unha nova disposición adicional trixésimo cuarta no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, co obxecto de dotar de carácter permanente a habilitación que durante o estado de alarma se outorgou aos autorizados para actuar a través do sistema RED e esténdese esta co fin de facilitar á Administración da Seguridade Social, a través do sistema RED e logo do consentimento acreditado dos interesados, o teléfono móbil dos traballadores ou asimilados que causen alta en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social, co obxecto de mellorar o seu acceso á Seguridade Social mediante un medio de doado alcance, seguro e de uso común á cidadanía que lle evitará desprazamentos ás oficinas da Administración da Seguridade Social.

Así mesmo, inclúese unha nova disposición adicional trixésimo quinta no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na cal se establece a obrigatoriedade de incluír nos correspondentes convenios que o Instituto Nacional da Seguridade Social subscriba coas comunidades autónomas e, de ser o caso, co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria obxectivos específicos relacionados co acceso electrónico á historia clínica dos traballadores previsto no artigo 71.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como co intercambio de información e co seguimento dos ditos accesos.

Por último, a través da reforma do número 5 da disposición transitoria cuarta, garántese, durante 2021, o mantemento da normativa previa á Lei 27/2011, do 1 de agosto, para determinados colectivos que viron extinguida a súa relación laboral antes de 2013. En vista de que a prórroga desta previsión ata o 31 de decembro de 2020, recollida polo Real decreto lei 18/2019, do 27 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria, catastral e de seguridade social, non foi suficiente para paliar os efectos que a nova regulación causaríaa a aqueles traballadores que saíron do



mercado laboral a idade avanzada sen poder retomar a súa carreira profesional e coa conseguinte afectación directa nas súas cotizacións e prestacións, faise necesario por razóns de seguridade xurídica e de preservación da igualdade a súa extensión ata o final de 2021.

A disposición derradeira sexta modifica os artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, co fin de ampliar a duración da prestación por desemprego de artistas en espectáculos públicos, persoal técnico e auxiliar do sector da cultura e profesionais taurinos.

A disposición derradeira sétima modifica o artigo 3 do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria.

A disposición derradeira oitava modifica os artigos 2 e 4.1 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, co obxecto de estender a protección das persoas arrendatarias de vivenda en situación de vulnerabilidade. Deste xeito, amplíase ata a finalización do actual estado de alarma a posibilidade de solicitar a moratoria ou condonación parcial da renda, cando o arrendador sexa un gran posuidor ou entidade pública, nos termos establecidos no dito real decreto lei; e amplíanse ata esa mesma data os contratos de arrendamento de vivenda que se poden acoller á prórroga extraordinaria de seis meses, nos mesmos termos e condicións do contrato en vigor.

Por último, a disposición derradeira novena refírese aos títulos competenciais; a disposición derradeira décima habilita o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do presente real decreto lei; para concluír coa disposición derradeira décimo primeira, que establece a entrada en vigor da dita norma.

#### IV

Respecto do suposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade establecido no artigo 86.1 da Constitución española, o contido do real decreto lei fundaméntase en motivos obxectivos, de oportunidade política e extraordinaria urxencia que requiren a súa aprobación inmediata, entre outros, a situación grave e excepcional que persiste como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada pola COVID-19, o que fai indispensable dar unha resposta adecuada ás necesidades que se formulan no ámbito laboral e social.

O artigo 86 da Constitución española permítelle ao Goberno ditar reais decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, os deberes e as liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe, deste xeito, un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (SSTC 6/1983, do 4 de febreiro, f.x. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, f.x. 4; 137/2003, do 3 de xullo, f.x. 3, e 189/2005, de 7 xullo, f.x. 3; 68/2007, f.x. 10, e 137/2011, f.x. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve ca o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

En definitiva, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar o presente real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, f.x. 4; 142/2014, do 11 de setembro, f.x. 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC 14/2020, do 28 de xaneiro, f.x. 4) centradas en dar unha resposta adecuada que permita restablecer o funcionamento normal da actividade económica e produtiva das empresas, a necesaria seguridade xurídica e a protección dos colectivos que puidesen resultar

vulnerables ante a concorrencia da situación descrita e que se definen pola súa condición extraordinaria e urxente.

Todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, f.x. 3; 111/1983, do 2 de decembro, f.x. 5; 182/1997, do 20 de outubro, f.x. 3) e existe a necesaria conexión entre a situación de urxencia exposta e a medida concreta adoptada para emendala, sen que constituía un suposto de uso abusivo ou arbitrario do referido instrumento constitucional.

En suma, nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade previstas no artigo 86 da Constitución española, e considérase, por outra parte, que os obxectivos que se pretenden alcanzar con el non poden conseguirse a través da tramitación dunha lei polo procedemento de urxencia.

Así mesmo, debe sinalarse que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, os deberes e as liberdades dos cidadáns regulados no título I das Constitución española, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

## V

Esta norma axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular, aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa encóntrase xustificada por unha razón de interese xeral, despois de se identificaren os fins perseguidos e entendendo que é o real decreto lei o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. Por outra banda, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exixen o seu ditado, despois de constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. Pola súa vez, como garantía do principio de seguridade xurídica, esta iniciativa normativa adóptase de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico e xera un marco normativo de certeza, que facilita o seu coñecemento e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas afectadas.

Con esta norma, de igual xeito, obsérvase o principio de transparencia, ao definir claramente a situación que a motiva e os seus obxectivos, descritos na parte expositiva do texto e no punto correspondente da memoria, sen que se realizasen os trámites de participación pública que se establecen no artigo 26 da citada Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, ao abeiro da excepción que, para os reais decretos leis, regula o número 11 do aludido precepto.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas nas materias de lexislación laboral e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social e do ministro de

Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

#### IV Acordo social en defensa do emprego

Artigo 1. *Prórroga dos expedientes de regulación temporal de emprego de forza maior baseados en causas relacionadas coa situación pandémica e medidas extraordinarias en materia de cotización.*

1. Os expedientes de regulación temporal de emprego vixentes, baseados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, prorrogaranse automaticamente ata o 31 de maio de 2021.

2. Así mesmo, enténdense prorrogados os expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento no desenvolvemento da actividade autorizados con base no disposto no número 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, que se manterán vixentes nos termos recollidos nas correspondentes resolucións estimatorias, expresas ou por silencio.

Non obstante, desde o 1 de febreiro de 2021 e ata o 31 de maio de 2021, resultarán aplicables aos ditos expedientes as porcentaxes de exoneración previstas no número 3.

3. Os expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento no desenvolvemento da actividade autorizados con base no disposto no artigo 2.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, manteranse vixentes nos termos recollidos nas correspondentes resolucións estimatorias, expresas ou por silencio, e resultaranlles de aplicación as medidas extraordinarias en materia de cotización previstas na dita disposición, durante o período de peche e ata o 31 de maio de 2021.

4. Os expedientes de regulación temporal de emprego por limitación ao desenvolvemento normalizado da actividade vixentes, baseados no artigo 2.2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, prorrogaranse automaticamente ata o 31 de maio de 2021.

As exoneracións aplicables a estes expedientes, desde o 1 de febreiro de 2021, serán as seguintes:

a) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que teñan as súas actividades suspendidas, e dos períodos e porcentaxes de xornada afectadas pola suspensión, a exención respecto da achega empresarial devindicada nos meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2021 alcanzará o 100 %, 90 %, 85 % e 80 %, respectivamente, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a esta en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que teñan as súas actividades suspendidas, e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, a exención respecto da achega empresarial devindicada nos meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2021 alcanzará o 90 %, 80 %, 75 % e 70 %, respectivamente, cando a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

5. As exoneracións a que se refiren os números 2, 3 e 4 aplicaranse respecto das persoas traballadoras e respecto do aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto

lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

O procedemento e os requisitos para a aplicación das exoneracións de cotas a que se refiren os números 2, 3 e 4 serán os establecidos no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, sen prexuízo do previsto no artigo 2.2 e 3.

**Artigo 2. Expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento ou limitacións de actividade.**

1. As empresas e entidades afectadas por restricións e medidas de contención sanitaria poderán solicitar un expediente de regulación de emprego por impedimento ou limitacións á actividade, nos termos recollidos no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, a partir do 1 de febreiro de 2021 e ata o 31 de maio de 2021, salvo que lles resulte de aplicación o previsto no número 2.

O procedemento e os requisitos para a exoneración de cotas á Seguridade Social aplicables nos ditos supostos serán os previstos no citado artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

As porcentaxes para a exoneración de cotas á Seguridade Social aplicables aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en impedimento á actividade, para os meses de febreiro a maio de 2021, serán os regulados no artigo 2.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

As porcentaxes para a exoneración de cotas á Seguridade Social aplicables aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en limitacións á actividade, para os meses de febreiro a maio de 2021, serán os previstos no artigo 1.4.

2. Unha vez constatada a concorrencia dalgunha das situacións constitutivas de forza maior a que se refire o número anterior por parte da autoridade laboral, mediante a correspondente resolución estimatoria, expresa ou por silencio, o paso da situación de impedimento á de limitación ou viceversa, como consecuencia das modulacións nas restricións sanitarias adoptadas polas autoridades competentes, non requirirá a tramitación dun novo expediente de regulación temporal de emprego.

Sen prexuízo do anterior, resultarán aplicables, en cada momento, as porcentaxes de exoneración correspondentes, en función da natureza impeditiva ou limitativa da situación de forza maior en que se encontre a empresa.

3. As empresas cuxa situación se vise modificada nos termos descritos no número 2 deberánlle comunicar o cambio de situación producido, a data de efectos, así como os centros e as persoas traballadoras afectadas, á autoridade laboral que aprobese o expediente e á representación legal das persoas traballadoras.

As empresas que comunicasen o dito cambio de situación á autoridade laboral deberán presentar declaración responsable ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 2.3 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro; a dita declaración responsable será suficiente para a aplicación das porcentaxes de exención correspondentes, en función da natureza impeditiva ou limitativa da situación de forza maior en que se encontre a empresa en cada momento.

A autoridade laboral trasladará a dita comunicación á Inspección de Traballo e Seguridade Social, para os efectos do desenvolvemento daquelas accións de control que se determinen sobre a correcta aplicación das exencións no pagamento das cotas da Seguridade Social.

4. As previsións dos números 2 e 3 resultarán aplicables, así mesmo, cando a resolución estimatoria da autoridade laboral, expresa ou por silencio, tivese lugar en aplicación do previsto no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, ou en virtude do disposto na disposición adicional primeira, número 2, do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, cando se produza o paso da situación de impedimento a outra de limitación no desenvolvemento normalizado da súa actividade, como consecuencia de decisións ou medidas adoptadas polas autoridades españolas competentes, ou viceversa.

Artigo 3. *Prórroga de contidos complementarios do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.*

1. Aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción vinculadas á COVID-19, iniciados tras a entrada en vigor deste real decreto lei e ata o 31 de maio de 2021, resultaranlles de aplicación as previsións establecidas no artigo 3 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

Así mesmo, as previsións contidas no artigo 3.4 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, continuarán sendo de aplicación, ata o 31 de maio de 2021, aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción vinculadas á COVID-19 iniciados antes da entrada en vigor do presente real decreto lei.

2. Os límites e as previsións relacionados coa repartición de dividendos aos cales se refire o artigo 4 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manteranse vixentes ata o 31 de maio de 2021, para todos os expedientes, autorizados con anterioridade ou en virtude da presente norma, aos cales se apliquen as exoneracións previstas neste real decreto lei.

3. Os límites e as previsións relacionados con transparencia fiscal a que se refire o artigo 4 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manteranse vixentes ata o 31 de maio de 2021, para todos os expedientes autorizados con anterioridade ou en virtude da presente norma.

4. A salvagarda do emprego será de aplicación de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, en relación cos períodos anteriores e co que deriva dos beneficios recollidos na presente norma e de conformidade cos prazos correspondentes.

5. Os límites e as excepcións en relación coa realización de horas extraordinarias, novas contratacións e externalizacións a que se refire o artigo 7 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manteranse vixentes ata o 31 de maio de 2021 e resultarán igualmente de aplicación a todos os expedientes autorizados en virtude da presente norma.

6. Os artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados da COVID-19, permanecerán vixentes ata o 31 de maio de 2021.

Artigo 4. *Prórroga das medidas de protección das persoas traballadoras recollidas no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.*

1. As medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego reguladas no artigo 8 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, serán de aplicación ata o 31 de maio de 2021, tanto para as persoas afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren os ditos preceptos coma para as afectadas polos expedientes de regulación de emprego que se recollen na presente norma, coas seguintes particularidades:

a) O artigo 8.7 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manterase vixente segundo os termos e prazos previstos nel.

b) As empresas que xa presentasen solicitude colectiva de acceso á prestación por desemprego en virtude do disposto no artigo 8.2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, non estarán obrigadas a presentar unha nova solicitude respecto das persoas traballadoras incluídas na anterior.

2. De igual xeito, as medidas extraordinarias para a protección das persoas traballadoras previstas no segundo parágrafo do artigo 8.1 e no artigo 9 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, serán de aplicación ata o 31 de maio de 2021, entendendo as referencias que o dito precepto realiza á data do 31 de xaneiro de 2021 efectuadas ao 31 de maio de 2021.

3. As medidas extraordinarias para a protección das persoas traballadoras previstas nos artigos 10 e 11 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, serán de aplicación ata o 31 de maio de 2021, tanto para as persoas afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren os ditos preceptos coma para as afectadas polos expedientes de regulación de emprego que se recollen neste real decreto lei.

## TÍTULO II

### Medidas de apoio aos traballadores autónomos

Artigo 5. *Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19.*

1. A partir do 1 de febreiro de 2021, os traballadores autónomos que se vexan obrigados a suspender todas as súas actividades, como consecuencia dunha resolución adoptada pola autoridade competente como medida de contención na propagación do virus COVID-19, terán dereito a unha prestación económica de cesamento de actividade de natureza extraordinaria nos termos que se establecen neste precepto, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar afiliados e de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, se é o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, antes do 1 de xaneiro de 2021.

b) Estar ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se na data da suspensión da actividade non se cumprir este requisito, o órgano xestor convidará o traballador autónomo ao pagamento para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

2. A contía da prestación será do 50 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Esta cantidade incrementarase nun 20 por cento se o traballador autónomo ten recoñecida a condición de membro dunha familia numerosa e os únicos ingresos da unidade familiar ou análoga durante ese período proceden da súa actividade suspendida.

Non obstante, cando convivan nun mesmo domicilio persoas unidas por vínculo familiar ou unidade análoga de convivencia ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, e dous ou máis membros teñan dereito a esta prestación extraordinaria de cesamento de actividade, a contía de cada unha das prestacións será do 40 por cento e non será de aplicación a previsión recollida no punto anterior para as familias numerosas.

3. O dereito á prestación nacerá desde o día seguinte ao da adopción da medida de peche de actividade adoptada pola autoridade competente.

4. Durante o tempo que permaneza a actividade suspendida manterase a alta no réxime especial correspondente e o traballador autónomo quedará exonerado da obriga de cotizar. A exoneración do ingreso das cotas estenderase desde o primeiro día do mes en que se adopta a medida de peche de actividade ata o último día do mes seguinte ao que se levante a dita medida ou ata o 31 de maio de 2021, se esta última data é anterior.

O período durante o cal o traballador autónomo estea exento da obriga de cotizar entenderase como cotizado e as cotizacións que lle correspondan a este serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

A base de cotización aplicable durante todo o período de percepción desta prestación extraordinaria será en todo caso a establecida no momento de inicio da devandita prestación.

A duración máxima e o resto de condicións de aplicación das deducións na cotización ás cales poida ter dereito o traballador beneficiario desta prestación extraordinaria por cesamento na actividade non se modificará pola percepción desta última.

As mutuas colaboradoras e o Instituto Social da Mariña proporcionaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información necesaria, a través dos procedementos que estableza esta última, para a aplicación do establecido neste punto, tanto no momento do recoñecemento provisional da prestación coma na revisión posterior, conforme o establecido no número 9.

5. A percepción da prestación será incompatible coa percepción dunha retribución polo desenvolvemento dun traballo por conta allea, salvo que os ingresos do traballo por conta allea sexan inferiores a 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional; co desempeño doutra actividade por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se vise afectada polo peche, así como coa percepción dunha prestación da Seguridade Social, salvo aquela que o beneficiario viñese percibindo por ser compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será ademais incompatible coas axudas por paralización da frota.

6. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste punto.

7. A xestión desta prestación corresponderá ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

8. A percepción da prestación terá unha duración máxima de catro meses e finalizará o dereito a esta o último día do mes en que se acorde o levantamento das medidas ou o 31 de maio de 2021, se esta última data é anterior.

O tempo de percepción da prestación non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade aos cales o beneficiario poida ter dereito no futuro.

9. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo deberá solicitarse dentro dos primeiros vinte e un días naturais seguintes á entrada en vigor do acordo ou da resolución de peche de actividade.

No caso de que a solicitude se presente fóra do prazo establecido, o dereito á prestación iniciarase o día da solicitude. Non obstante, o traballador quedará exento da obriga de cotizar desde o primeiro día do mes en que a autoridade gubernativa determinase a prohibición da actividade, ben que, nese caso, o período anterior á data de solicitude non se entenderá como cotizado e as entidades que cubran as respectivas prestacións non asumirán a cotización.

As entidades encargadas da xestión desta prestación, de acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente, que admita ou rexeite o dereito. Unha vez finalizada a medida de peche de actividade, revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas. No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas e deberá, ademais, nestes casos, ingresar as cotizacións correspondentes a todo o período de percepción indebida da prestación. Aplicaráselle o procedemento de xestión recadatoria do sistema da Seguridade Social en todos os seus termos.

10. Na solicitude da prestación, o interesado deberá comunicar á mutua ou á entidade xestora da prestación os membros que integran a unidade familiar e se algún deles é ou pode ser receptor da prestación de cesamento de actividade ou se contan con algún outro tipo de ingresos; así mesmo, deberá constar o consentimento de todos os membros da unidade familiar para o acceso á información tributaria.

Para poder admitir a trámite a solicitude deberá achegar unha declaración xurada dos ingresos que se perciben, se é o caso, como consecuencia do traballo por conta allea, así como unha autorización á Administración da Seguridade Social e ás mutuas colaboradoras

encargadas da xestión da prestación para solicitar do Ministerio de Facenda os datos tributarios necesarios para a revisión dos requisitos de acceso á prestación. Todo iso sen prexuízo da obriga que asiste o perceptor da prestación de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

*Artigo 6. Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para aqueles traballadores autónomos que non poidan causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade prevista no artigo 7 deste real decreto lei ou á prestación de cesamento de actividade regulada nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

1. Os traballadores autónomos que non poidan causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade prevista no artigo 7 ou á prestación de cesamento de actividade regulada nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social poderán acceder, a partir da entrada en vigor desta norma, á prestación económica de cesamento de actividade de natureza extraordinaria prevista neste artigo, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) estar dado de alta e ao día no pagamento das cotizacións no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia desde antes do 1 de abril de 2020.

Non obstante, se na data da presentación da solicitude non se cumpre o requisito de estar ao día no pagamento das cotizacións, o órgano xestor convidará o traballador autónomo ao pagamento para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

b) No ter rendementos netos computables fiscalmente procedentes da actividade por conta propia no primeiro semestre de 2021 superiores a 6.650 euros.

c) Acreditar no primeiro semestre de 2021 uns ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia inferiores aos que se produciron no primeiro trimestre de 2020.

Para o cálculo da redución de ingresos terase en conta o período en alta no primeiro trimestre do ano 2020 e comparárase coa parte proporcional dos ingresos que se produciron no primeiro semestre de 2021 na mesma proporción.

2. A contía da prestación será do 50 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Non obstante, cando convivan nun mesmo domicilio persoas unidas por vínculo familiar ou unidade análoga de convivencia ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, e dous ou máis membros teñan dereito a esta prestación extraordinaria de cesamento de actividade, a contía de cada unha das prestacións será do 40 por cento.

3. Esta prestación extraordinaria por cesamento de actividade poderá comezar a percibirse con efectos do 1 de febreiro de 2021 e terá unha duración máxima de 4 meses, sempre que a solicitude se presente dentro dos primeiros vinte e un días naturais de febreiro. No caso contrario, os efectos quedan fixados no primeiro día do mes seguinte ao da presentación da solicitude e a súa duración non poderá exceder o 31 de maio de 2021.

4. A percepción da prestación será incompatible coa percepción dunha retribución polo desenvolvemento dun traballo por conta allea, salvo que os ingresos do traballo por conta allea sexan inferiores a 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional, co desempeño doutra actividade por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes dunha sociedade e coa percepción dunha prestación da Seguridade Social, salvo aquela que o beneficiario viñese percibindo por ser compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será, ademais, incompatible coas axudas por paralización da frota.



5. Durante o tempo de percepción da prestación manterase a alta no réxime especial correspondente e o traballador autónomo quedará exonerado da obriga de cotizar.

O período durante o cal o traballador autónomo estea exento da obriga de cotizar entenderase como cotizado e as cotizacións que correspondan a este serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

A base de cotización aplicable durante todo o período de percepción desta prestación extraordinaria será en todo caso a establecida no momento de inicio da dita prestación.

A duración máxima e o resto de condicións de aplicación das deducións na cotización ás cales poida ter dereito o traballador beneficiario desta prestación extraordinaria por cesamento na actividade non se modificará pola percepción desta última.

As mutuas colaboradoras e o Instituto Social da Mariña proporcionarán á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información necesaria, a través dos procedementos que estableza esta última, para a aplicación do establecido neste punto, tanto no momento do recoñecemento provisional da prestación coma na revisión posterior, conforme o establecido nos números 9 e 10.

6. Os traballadores autónomos que perciban esta prestación e non estivesen a cotizar por cesamento de actividade estarán obrigados a cotizar por este concepto a partir do mes seguinte en que finalice a percepción da prestación.

7. Extinguirase o dereito á prestación se durante a percepción desta concorren os requisitos para causar dereito á prestación de cesamento de actividade prevista no artigo 7 desta norma ou á prestación de cesamento de actividade regulada nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do dereito que asiste o interesado para solicitar a prestación correspondente.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria nos termos establecidos, sempre que reúnan os requisitos deste punto.

9. A xestión desta prestación corresponderá ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

As entidades encargadas da xestión desta prestación, de acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, ditará a resolución provisional que sexa procedente, que admita ou rexeite o dereito.

Para poder admitir a trámite a solicitude deberase achegar unha declaración xurada dos ingresos que se perciben, de ser o caso, como consecuencia do traballo por conta allea, e a autorización á Administración da Seguridade Social e ás mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación para obteren do Ministerio de Facenda os datos tributarios necesarios para a revisión dos requisitos de acceso á prestación. Todo iso sen prexuízo da obriga que asiste o perceptor da prestación de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

10. A partir do 1 de setembro de 2021 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

a) Para iso, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social solicitarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios dos traballadores autónomos correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2020 e aos dous primeiros trimestres de 2021.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puidesen ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora nos dez días seguintes ao seu requirimento:

1.º Copia do modelo 390 da declaración resumo anual do IVE do ano 2020 e as súas liquidacións trimestrais (modelo 303), así como as liquidacións do primeiro e segundo trimestre do ano 2021 (modelo 303).

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación de cada trimestre á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020, así como as

autoliquidacións do primeiro e segundo trimestre do ano 2021. Declaración da renda das persoas físicas ou certificado de empresas onde consten as retribucións percibidas por conta allea.

2.º Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

b) No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para iso, a entidade competente para o recoñecemento da prestación ditará unha resolución onde fixe o importe da cantidade que debe reintegrar e que deberá facerse sen xuros ou recarga no prazo que determine a resolución.

Unha vez transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá a reclamar a débeda pendente, coas recargas e os xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

11. Ao mesmo tempo de solicitar a prestación, o interesado deberá comunicarlle á mutua ou á entidade xestora da prestación os membros que integran a unidade familiar e se algún deles é ou pode ser perceptor da prestación de cesamento de actividade ou se contan con algún outro tipo de ingresos.

12. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste punto poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 30 de abril de 2021. Esta renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos percibidos durante o primeiro semestre de 2021 ou a caída da facturación nese mesmo período superan os limiares establecidos no número 2, coa correspondente perda do dereito á prestación.

#### *Artigo 7. Dereito á prestación de cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia.*

1. A partir do 1 de febreiro de 2021, os traballadores autónomos poderán solicitar a prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 327 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, sempre que concorran os requisitos establecidos neste precepto e nas alíneas a), b), d) e e) do artigo 330.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. O acceso á prestación exixirá acreditar no primeiro semestre de 2021 unha redución dos ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia de máis do 50 % dos que se produciron no segundo semestre de 2019, así como non obter durante o semestre indicado de 2021 uns rendementos netos computables fiscalmente superiores a 7.980 euros.

Para o cálculo da redución de ingresos terase en conta o período de alta no segundo semestre de 2019 e comparárase coa parte proporcional dos ingresos que se producisen no primeiro semestre de 2021 na mesma proporción.

No caso dos traballadores autónomos que teñan un ou máis traballadores ao seu cargo, deberá acreditarse, no momento de solicitar a prestación, o cumprimento de todas as obrigas laborais e da Seguridade Social que teñan asumidas. Para iso emitirán unha declaración responsable e poderán ser requiridos polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou pola entidade xestora para que acheguen os documentos precisos que acrediten este cumprimento.

3. Esta prestación poderá percibirse como máximo ata o 31 de maio de 2021, sempre que o traballador teña dereito a ela nos termos fixados no artigo 338 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Así mesmo, percibirán esta prestación ata o 31 de maio de 2021 aqueles traballadores autónomos que causen dereito a ela o 1 de febreiro de 2021 e vexan esgotado o seu dereito ao cesamento previsto no citado precepto antes do 31 de maio de 2021, sempre que reúnan os requisitos exixidos para o efecto.

A partir do 31 de maio de 2021 só se poderá continuar percibindo esta prestación de cesamento de actividade se concorren todos os requisitos do artigo 330 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

4. O recoñecemento á prestación levarano a cabo as mutuas colaboradoras ou o Instituto Social da Mariña con carácter provisional, con efectos do 1 de febreiro de 2021, se se solicita dentro dos primeiros vinte e un días naturais de febreiro, ou con efecto desde o día seguinte á solicitude noutro caso, e deberá ser regularizada a partir do 1 de setembro de 2021.

Para poder admitir a trámite a solicitude autorizaranse a Administración da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación para obteren do Ministerio de Facenda os datos tributarios necesarios para a revisión dos requisitos de acceso á prestación.

5. A partir do 1 de setembro de 2021, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña recadarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios dos exercicios 2019 e 2021 necesarios para o seguimento e control das prestacións recoñecidas.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non poden ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegarlle á mutua colaboradora nos dez días seguintes ao seu requirimento:

1.º Copia do modelo 303 de autoliquidación do imposto sobre o valor engadido (IVE) correspondente ás declaracións do terceiro e cuarto trimestre do ano 2019 e do primeiro e segundo trimestre de 2021.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do terceiro e cuarto trimestres do ano 2019 e do primeiro e segundo trimestres de 2021.

2.º Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria ou calquera outro medio de proba que sirva para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

6. Unha vez comprobados os datos pola entidade colaboradora ou xestora competente para o recoñecemento da prestación, reclamaranse as prestacións percibidas por aqueles traballadores autónomos que non cumpran os requisitos establecidos neste precepto.

A entidade competente para a reclamación fixará a data de ingreso das cantidades reclamadas, que deberá facerse sen xuros nin recargas.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e os xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

7. O traballador autónomo, durante o tempo que estea a percibir a prestación, deberá ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social a totalidade das cotizacións e aplicar os tipos vixentes á base de cotización correspondente.

A mutua colaboradora ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña aboaralle ao traballador, xunto coa prestación por cesamento na actividade, o importe das cotizacións por contingencias comúns que lle correspondería ingresar de encontrarse o traballador

autónomo sen desenvolver actividade ningunha, en aplicación do disposto no artigo 329 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

8. Nos supostos de cesamento definitivo na actividade con anterioridade ao 31 de maio de 2021, os límites dos requisitos fixados neste punto tomaranse de xeito proporcional ao tempo de duración da actividade. Para estes efectos, o cálculo farase computándose na súa integridade o mes en que se produza a baixa no réxime da Seguridade Social en que estivese encadrado.

9. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 30 de abril de 2021. Esta renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos percibidos durante o primeiro semestre do ano 2021 ou a caída da facturación nese mesmo período superan os límites establecidos no número 2, coa correspondente perda do dereito á prestación.

10. Malia o establecido nos puntos anteriores, a prestación de cesamento de actividade poderá ser compatible co traballo por conta allea. As condicións aplicables neste suposto son as seguintes:

a) Os ingresos netos computables fiscalmente procedentes do traballo por conta propia e os ingresos procedentes do traballo por conta allea non poderán superar 2,2 veces o salario mínimo interprofesional. Na determinación deste cómputo, os ingresos procedentes do traballo por conta allea non superarán 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional.

b) A contía da prestación será o 50 % da base de cotización mínima que lle corresponda en función da actividade.

c) Xunto coa solicitude achegarase unha declaración xurada dos ingresos que se perciben como consecuencia do traballo por conta allea, sen prexuízo da obriga que asiste de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

d) Será de aplicación o disposto nas alíneas anteriores sempre que non contradigan o disposto neste punto.

**Artigo 8. Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores de tempada.**

1. Para os efectos deste precepto, considéranse traballadores de tempada aqueles traballadores autónomos cuxo único traballo ao longo dos anos 2018 e 2019 se desenvolve no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar durante un mínimo de catro meses e un máximo de seis en cada un dos anos.

Considerarase que o traballador autónomo desenvolveu un único traballo en 2018 e 2019 sempre que, de ter estado de alta nun réxime da Seguridade Social como traballador por conta allea, esta alta non supere os 120 días ao longo deses anos.

2. Serán requisitos para causar dereito á prestación:

a) Ter estado de alta e ter cotizado no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia durante un mínimo de catro meses e un máximo de seis meses de cada un dos anos 2018 e 2019, sempre que ese marco temporal abranza un mínimo de dous meses na primeira metade do ano.

b) Non ter estado de alta ou asimilado á alta como traballador por conta allea no réxime da Seguridade Social correspondente máis de 60 días durante o primeiro semestre do ano 2021.

c) Non obter durante a primeira metade do ano 2021 uns ingresos netos computables fiscalmente que superen os 6.650 euros.

d) Estar ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se non se cumpre este requisito, o órgano xestor convidará o traballador autónomo ao pagamento para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

3. A contía da prestación regulada neste artigo será o equivalente ao 70 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desempeñada no réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

4. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo poderá comezar a devindicarse con efectos do 1 de febreiro de 2021 e terá unha duración máxima de 4 meses, sempre que a solicitude se presente dentro dos primeiros vinte e un días naturais de febreiro. No caso contrario, os efectos quedan fixados ao día seguinte da presentación da solicitude e a súa duración non poderá exceder o 31 de maio de 2021.

5. Durante a percepción da prestación non existirá obriga de cotizar e o traballador permanecerá en situación de alta ou asimilada á alta no réxime da Seguridade Social correspondente.

6. As cotizacións polas cales non exista obriga de cotizar serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

7. Esta prestación será incompatible co traballo por conta allea e con calquera prestación da Seguridade Social que o beneficiario viñese percibindo, salvo que fose compatible co desempeño da actividade como traballador por conta propia. Así mesmo, será incompatible co traballo por conta propia e coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se vise afectada polo peche, cando os ingresos que se perciban na primeira metade do ano 2021 superen os 6.650 euros.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será incompatible ademais coa percepción das axudas por paralización da frota.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito, nas mesmas condicións, a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

9. A xestión desta prestación corresponderalles ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

Para poder admitir a trámite a solicitude autorizaranse a Administración da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación para solicitaren do Ministerio de Facenda os datos tributarios necesarios para a revisión dos requisitos de acceso á prestación.

10. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo poderá solicitarse en calquera momento durante o período comprendido entre a entrada en vigor da norma e o mes de maio de 2021.

Os efectos da solicitude son os determinados no número 4.

As entidades xestoras, de acordo coa solicitude presentada e os documentos, de ser o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente para admitir ou rexeitar o dereito.

11. A partir do 1 de setembro de 2021 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

a) Para iso, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña recadarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios correspondentes ao primeiro semestre do ano 2021.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non poden ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora nos dez días seguintes ao seu requirimento:

1.º Copia do modelo 303 de declaración dos dous primeiros trimestres do ano 2021.  
Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) dos dous primeiros trimestres do ano 2021.

2.º Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

b) No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para iso, a entidade competente para o recoñecemento da prestación ditará resolución que fixe o importe da cantidade que hai que reintegrar, e que deberá facerse sen xuros ou recargas no prazo que se determine na resolución.

Unha vez transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá a reclamar a débeda pendente, coas recargas e cos xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

12. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 30 de abril de 2021. A renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos que pode percibir polo exercicio da actividade durante o tempo que pode causar dereito a ela superan os limiares establecidos no punto 2.c), coa correspondente perda do dereito á prestación.

Disposición adicional primeira. *Empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de emprego e unha reducida taxa de recuperación de actividade.*

1. Considéranse empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura e unha reducida taxa de recuperación de actividade aquelas que teñan expedientes de regulación temporal de emprego prorrogados automaticamente ata o 31 de maio de 2021, conforme o establecido no artigo 1, e cuxa actividade se clasifique en algún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas -CNAE-09- previstos no anexo da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

2. Quedarán exoneradas entre o 1 de febreiro de 2021 e o 31 de maio de 2021 do aboamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, nas porcentaxes e condicións que se indican no seguinte punto, as seguintes empresas:

a) Empresas ás cales se prorrogue automaticamente o expediente de regulación temporal de emprego vixente, baseado no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de

marzo, segundo o establecido no artigo 1, e que teñan a consideración de pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de emprego e cunha reducida taxa de recuperación de actividade, segundo o número 1, cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09– previstos no anexo da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

b) Empresas ás cales se refire a letra a) anterior que transiten, entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2021, desde un expediente de regulación temporal de emprego de forza maior baseado nas causas do artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a un de causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

c) Empresas ás cales se refiren as letras b) e c) do número 3 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, que sexan titulares dun expediente de regulación temporal de emprego baseado no artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, que tivesen dereito ás exencións reguladas na citada disposición adicional primeira e cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09– previstos no anexo da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

d) Empresas ás cales se prorrogue automaticamente o expediente de regulación temporal de emprego vixente, baseado no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, segundo o establecido no artigo 1, cuxo negocio dependa, indirectamente e na súa maioría, das empresas a que se refiren as letras anteriores, ou que formen parte da cadea de valor destas.

Para tal efecto, son integrantes da cadea de valor ou dependentes indirectamente das empresas a que se refiren as letras anteriores aquelas ás cales se recoñecese tal consideración, conforme o establecido no número 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

Así mesmo, quedarán exoneradas nas condicións establecidas nesta disposición adicional as empresas que, despois de seren cualificadas como dependentes ou integrantes da cadea de valor, transitasen, nos termos establecidos no punto 3.d) da disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, ou transiten, no período comprendido entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2021, desde un expediente de regulación temporal de emprego por causas de forza maior baseado no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a un por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o establecido no artigo 3 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, ou no artigo 3 deste real decreto lei.

3. As empresas indicadas no número anterior quedarán exoneradas, respecto das persoas traballadoras afectadas polo expediente de regulación temporal de emprego que reinicien a súa actividade a partir do 1 de febreiro de 2021, ou que a reiniciasen desde a entrada en vigor do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, nos termos do seu artigo 4.2.a), e dos períodos e das porcentaxes de xornada traballadas a partir do 1 de febreiro de 2021, e respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas entre o 1 de febreiro de 2021 e o 31 de maio 2021 e dos períodos e porcentaxes de xornada afectadas pola suspensión, nas porcentaxes e condicións que se indican a seguir:

a) O 85 % da achega empresarial devindicada en febreiro, marzo, abril e maio de 2021, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta na Seguridade Social o 29 de febreiro de 2020.

b) O 75 % da achega empresarial devindicada en febreiro, marzo, abril e maio de 2021, cando a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta o 29 de febreiro de 2020.

4. As exencións reguladas nesta disposición adicional serán incompatibles coas medidas reguladas nos artigos 1 e 2. Así mesmo, resultaralles de aplicación o artigo 2.3, 4, 5 e 6 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

5. As exencións previstas aplicaranse, respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

6. Para os efectos do establecido neste artigo, considerarase que o código da CNAE-09 en que se clasifica a actividade da empresa é o que resulte de aplicación para a determinación dos tipos de cotización para a cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto das liquidacións de cotas presentadas en setembro de 2020, segundo o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Disposición adicional segunda. *Comisión de Seguimento Tripartita Laboral.*

1. A Comisión de Seguimento Tripartita Laboral estará integrada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e pola Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (Cepyme), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT), e terá como funcións, desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a valoración das medidas recollidas neste e da evolución da actividade económica e do emprego, así como a análise das eventuais medidas futuras para a protección do emprego e do tecido produtivo.

2. Para o desenvolvemento das ditas funcións, a Comisión reunirse, con carácter ordinario, cada 15 días desde a entrada en vigor da presente norma, logo da convocatoria remitida para o efecto polo Ministerio de Traballo e Economía Social e, con carácter extraordinario, sempre que o soliciten tres das catro organizacións integrantes desta.

Disposición adicional terceira. *Prórroga da vixencia do artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

O artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, no que se regula o Plan Códame, permanecerá vixente ata o 31 de maio de 2021.

Disposición adicional cuarta. *Prórroga da disposición adicional primeira do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro.*

Prorrógase ata o 31 de maio de 2021 a medida regulada na disposición adicional primeira do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural, pola que se suspende de forma temporal o requisito de acreditación da busca activa de emprego no acceso á renda activa de inserción e ao subsidio extraordinario por desemprego.

Disposición adicional quinta. *Bases mínimas de cotización durante o ano 2021.*

Mentres non se aprrobe o real decreto polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021 e de acordo co previsto no artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, as bases mínimas de cotización á Seguridade Social aplicables durante o ano 2021 serán as vixentes o 31 de decembro de 2019.



Disposición adicional sexta. *Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social.*

Encoméndase á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social, creada ao abeiro do disposto na disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, o seguimento e avaliación das medidas establecidas nos artigos 5, 6, 7 e 8, así como na disposición transitoria segunda desta norma.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación das previsións do artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 desde o 1 de xaneiro de 2021.*

As medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego reguladas no artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables transitoriamente entre o 1 de xaneiro de 2021 e a entrada en vigor da presente norma.

Disposición transitoria segunda. *Prórroga da prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19 recollida no punto 1 do artigo 13 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.*

Os traballadores autónomos que en 31 de xaneiro de 2021 viñesen percibindo a prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade, como consecuencia de resolución da autoridade competente, como medida de contención da propagación do virus COVID-19 prevista no punto 1 do artigo 13 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, poderán continuar percibíndoa cos mesmos requisitos e condicións durante o tempo que permaneza a actividade suspendida e ata o último día do mes seguinte ao que se levante a medida ou ata o 31 de maio de 2021, se esta última data é anterior.

Disposición transitoria terceira. *Verificación de datos de identidade por parte da Administración da Seguridade Social e na xestión dos procedementos de protección por desemprego.*

Mentres non se diten as resolucións da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións e da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal previstas no artigo 129.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na redacción dada por este real decreto lei, a Administración da Seguridade Social e o Servizo Público de Emprego Estatal poderán levar a cabo a verificación da identidade dos interesados nos procedementos por ela xestionados mediante o contraste dos datos ou da información que sobre aqueles conste no seu poder e que se poida realizar a través de medios non presenciais.

Disposición transitoria cuarta. *Suspensión da aplicación do tipo de cotización aplicable por contingencias profesionais e por cesamento de actividade dos traballadores autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.*

A partir do 1 de febreiro de 2021 e mentres non se leve a cabo a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2021, non será de aplicación o previsto na disposición transitoria segunda do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, polo

que os tipos de cotización aplicables por contingencias profesionais e por cesamento de actividade dos traballadores autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar serán os vixentes en 31 de decembro de 2020.

Disposición transitoria quinta. *Solicitudes de prestacións e subsidios formuladas ou resoltas favorablemente ao abeiro dos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.*

1. As solicitudes de prestacións e subsidios formuladas ao abeiro do disposto nos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural, que se encontren pendentes de resolución no momento da entrada en vigor deste real decreto lei resolveranse de acordo co establecido nel.

2. No caso de que as solicitudes xa fosen resoltas favorablemente no momento da entrada en vigor deste real decreto lei sen que se esgotase a prestación ou o subsidio, recoñecerase de oficio a ampliación da súa duración conforme o previsto nel.

3. Os beneficiarios que esgotasen as prestacións ou os subsidios recoñecidos ao abeiro dos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, na data de entrada en vigor deste real decreto lei poderán presentar nova solicitude para o recoñecemento do seu dereito polo período previsto nel.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei e expresamente:

1. A disposición adicional décimo sexta do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.

2. O disposto no artigo 13 e no artigo 14 e na disposición adicional cuarta do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

Modifícase o número 2 do artigo 25 Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, que queda redactado como segue:

«2. Poderán acollerse ás medidas reguladas no número anterior, ademais das persoas traballadoras incluídas no artigo 264 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aquelas que teñan a condición de socias traballadoras de sociedades laborais e de cooperativas de traballo asociado que teñan previsto cotizar pola contingencia de desemprego.

En todos os casos se requirirá que o inicio da relación laboral ou societaria fose anterior á data de entrada en vigor deste real decreto lei e, para a medida descrita no punto 1.a), á data de efectos do expediente de regulación temporal de emprego».

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.*

Modifícase o número 2 do artigo 9 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, que queda redactado como segue:

«2. Igualmente, a prestación extraordinaria recoñeceráselles ás persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo e a aquelas que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en datas certas que, por encontrarse nalgún dos supostos previstos nas letras b) á d) do artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, fosen beneficiarias de calquera destas medidas, sempre que, unha vez esgotadas, continúen desempregadas e sen dereito a percibiren prestacións por desemprego de nivel contributivo nin asistencial, ou que as esgoten antes do día 31 de xaneiro de 2021.

Non obstante, admitirase o acceso a esta prestación extraordinaria se o interesado opta por renunciar á prestación de nivel contributivo ou asistencial a que teña dereito».

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, queda modificada do seguinte xeito:

Un. O número 1 do artigo 89 queda redactado como segue:

«1. Promoverase a colaboración, o diálogo e o consenso de todas as partes interesadas para favorecer un traballo conxunto que se poida materializar nunha integración coherente das políticas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a favorecer a inserción no mundo laboral dos mozos a que se refire o artigo 88.e).

Esta colaboración comporta a participación e o compromiso activo dos interesados no desenvolvemento das medidas e das accións que se leven a cabo baixo o amparo do Sistema nacional de garantía xuvenil».

Dous. A alínea a) do artigo 97 queda redactada nos seguintes termos:

«a) Teren nacionalidade española ou seren cidadáns da Unión Europea ou dos Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou de Suíza, que se encontren en España en exercicio da libre circulación e residencia.

Tamén poderán inscribirse os estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar, así como os menores non acompañados que acheguen unha acreditación dos servizos de protección de menores da comunidade autónoma que xustifique individualmente o acceso, mediante a inscrición a actividades ou programas de educación ou formación que redunden no seu beneficio».

Tres. Engádesse un novo parágrafo ao final do número 1 do artigo 105:

«Os requisitos previstos nas alíneas a), b) e c) do presente punto non son de aplicación no caso de medidas que contribúan ao mantemento do emprego de persoas novas que eran beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil cando accederon ao seu emprego ou á actuación previa e se visen afectadas por expedientes de regulación de emprego temporais. Esta disposición terá efectos desde a data en que eses expedientes de regulación temporal de emprego fosen recoñecidos».

Catro. O artigo 106 queda redactado como segue:

«Os obxectivos establecidos no artigo 90 requiren o desenvolvemento das seguintes medidas e accións a favor dos suxeitos a que se refire o artigo 88.e):

a) En cumprimento do obxectivo de intermediación, desenvolveranse aquelas actuacións ou medidas que contribúan á mellora da activación temperá e do perfeccionamento dos procesos de intermediación e mobilidade laboral, que poderán consistir en actuacións de orientación profesional, información laboral e acompañamento na busca de emprego, actuacións con axencias de colocación, programas de mobilidade e programas de intermediación educación-emplego, ou calquera outra de carácter similar.

b) En cumprimento do obxectivo de empregabilidade, desenvolveranse aquelas actuacións ou medidas que contribúan á mellora das aptitudes e competencias profesionais, que poderán consistir en actuacións ou medidas como a formación con compromiso de contratación, a formación especialmente en idiomas e en tecnoloxías da información e da comunicación, prácticas non laborais en empresas, impulso da formación profesional dual, formación para a obtención de certificados de profesionalidade, avaliación e acreditación das competencias profesionais, desenvolvemento de escolas obradoiro e casas de oficios e programas mixtos de emprego-formación. Ademais, poderanse desenvolver programas de segunda oportunidade, dirixidos a aqueles mozos que abandonaron de forma prematura os estudos, ou calquera outra de carácter similar.

c) En cumprimento do obxectivo de apoio á contratación, desenvolveranse aquelas actuacións ou medidas que incentiven a inserción laboral dos suxeitos maiores de 16 anos a que se refire o artigo 88.e), que poderán consistir en incentivos na cotización á Seguridade Social, fomento dos contratos formativos previstos na normativa vixente, axudas ao emprego para a contratación cun período mínimo de permanencia, fomento da economía social, formación e fomento do emprego para o colectivo de mozos investigadores, medidas que contribúan ao mantemento do emprego de persoas novas que eran beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil cando accederon ao seu emprego ou actuación previa e se viron afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego, así como calquera outra de carácter similar.

d) En cumprimento do obxectivo de apoio ao emprendemento, desenvolveranse aquelas actuacións ou medidas que apoiem o espírito emprendedor, fomentando a responsabilidade, a innovación e o emprendemento, poñendo á súa disposición máis servizos de apoio á creación de empresas, en especial, cunha cooperación máis estreita entre os servizos de emprego, as entidades de apoio ás empresas e os provedores de financiamento. Poderanse desenvolver actuacións ou medidas consistentes en incentivos na cotización á Seguridade Social, axudas ao autoemprego, capitalización da prestación por desemprego, fomento da cultura emprendedora, medidas para favorecer o autoemprego e o emprendemento colectivo no marco da economía social, asesoramento ao autoemprego e creación de empresas e formación para o emprendemento ou calquera outra de carácter similar.

De forma transversal, terase en conta o acceso aos programas formativos e ao emprego de mozos con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, xa sexa a través do emprego ordinario ou do emprego protexido. En todo caso, incorporárase a perspectiva de xénero no deseño, na implementación, no seguimento e na avaliación das actuacións.

As medidas que se adopten serán realizadas polos suxeitos incluídos nas letras a), b), c) e d) do artigo 88, no ámbito das súas competencias».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Dáse nova redacción ao parágrafo a) do artigo 53.1, que queda redactado nos seguintes termos:

«a) Os feitos constatados polo inspector de Traballo e Seguridade Social ou subinspector de Emprego e Seguridade Social actuante que motivaron a acta, destacando os relevantes para os efectos da determinación e tipificación da infracción e da gradación da sanción.

No caso de actas expedidas no marco de actuacións administrativas automatizadas, os feitos constitutivos da infracción cometida».

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 40 co seguinte contido:

«Artigo 40. *Deber de información por parte das persoas e entidades sen personalidade, entidades financeiras, funcionarios públicos, profesionais oficiais e autoridades.*

1. As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como as entidades sen personalidade, estarán obrigadas a proporcionarlles á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Instituto Social da Mariña, cando así o requiran, aqueles datos, informes, antecedentes e xustificantes con incidencia nas competencias da Administración da Seguridade Social, especialmente no ámbito da liquidación, do control da cotización e da recadación dos recursos da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta.

Especialmente, as persoas ou entidades depositarias de diñeiro en efectivo ou en conta, valores ou outros bens de debedores á Seguridade Social en situación de constrínximento estarán obrigadas a informar a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a cumprir os requirimentos que esta lles faga no exercicio das súas funcións legais.

2. As obrigas a que se refire o número anterior deberán cumprirse ben con carácter xeral ou ben por requirimento individualizado dos órganos competentes da Administración da Seguridade Social, na forma e nos prazos que regulamentariamente se determinen.

3. O incumprimento das obrigas establecidas nos números anteriores deste artigo non poderá ampararse no segredo bancario.

Os requirimentos relativos aos movementos de contas correntes, depósitos de aforro e a prazo, contas de préstamos e créditos e demais operacións activas ou pasivas dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito e cantas persoas físicas ou xurídicas se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio efectuaranse logo de autorización do titular da Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso e nas condicións que regulamentariamente se establezan, do titular da dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social competente, e deberán precisar as operacións obxecto de investigación, os suxeitos pasivos afectados e o alcance desta en canto ao período de tempo a que se refiren.

4. Os funcionarios públicos, incluídos os profesionais oficiais, están obrigados a colaborar coa Administración da Seguridade Social subministrando toda clase de información de que dispoñan, sempre que sexa necesaria para o cumprimento das funcións da Administración da Seguridade Social, especialmente respecto da

liquidación, do control da cotización e da recadación de recursos da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta, salvo que sexa aplicable:

- a) O segredo do contido da correspondencia.
- b) O segredo dos datos que se subministrasen á Administración pública para unha finalidade exclusivamente estatística.
- c) O segredo do protocolo notarial, que abranguerá os instrumentos públicos a que se refiren os artigos 34 e 35 da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, e os relativos a cuestións matrimoniais, con excepción dos referentes ao réxime económico da sociedade conxugal.

5. A obriga dos profesionais de facilitar información de transcendencia recadatoria á Administración da Seguridade Social non alcanzará os datos privados non patrimoniais que coñezan por razón do exercicio da súa actividade cuxa revelación atente contra a honra ou a intimidade persoal ou familiar das persoas. Tampouco alcanzará aqueles datos confidenciais dos seus clientes de que teñan coñecemento como consecuencia da prestación de servizos profesionais de asesoramento ou defensa.

Os profesionais non poderán invocar o segredo profesional para os efectos de impedir a comprobación da súa propia cotización á Seguridade Social.

Para os efectos do artigo oitavo, punto un, da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, considerarase autoridade competente o titular do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, os titulares dos órganos e centros directivos da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións e do organismo estatal de Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como o titular da Dirección Xeral e os titulares das direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

6. A cesión daqueles datos de carácter persoal que se deba efectuar á Administración da Seguridade Social conforme o disposto neste artigo ou, en xeral, en cumprimento de deber de colaborar coa Administración da Seguridade Social para o desempeño de calquera das súas funcións, especialmente respecto da efectiva liquidación, control da cotización, recadación dos recursos da Seguridade Social e dos conceptos de recadación conxunta coas cotas da Seguridade Social, non requirirá o consentimento do afectado.

Para os efectos sinalados no parágrafo anterior, así como respecto da cesión de datos de carácter non persoal, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os titulares dos órganos do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais; os organismos autónomos, as axencias e as entidades públicas empresariais; as autoridades laborais; as cámaras e corporacións, colexios e asociacións profesionais; as mutualidades de previsión social; as demais entidades públicas e quen, en xeral, exerza ou colabore no exercicio de funcións públicas estarán obrigados a subministrar á Administración da Seguridade Social cantos datos, informes e antecedentes precise esta para o exercicio adecuado de calquera das funcións da Administración da Seguridade Social, especialmente respecto das súas funcións liquidatorias, de control da cotización e recadatorias, mediante disposicións de carácter xeral ou a través de requirimentos concretos, e a prestarlles, a ela e ao seu persoal, apoio, concurso, auxilio e protección para o exercicio das súas competencias.

A cesión de datos a que se refire este artigo instrumentarase preferentemente por medios informáticos. Para tal efecto, a Administración da Seguridade Social poderá solicitar, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas habilitados para o efecto, os datos ou a información necesaria para tramitar os procedementos que resulten da súa competencia.

7. Os datos, informes e antecedentes subministrados conforme o disposto neste artigo unicamente serán tratados no marco das funcións da Administración da

Seguridade Social, especialmente no ámbito de control da cotización e de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social, así como das súas funcións estatísticas, sen necesidade do consentimento dos afectados e sen prexuízo do disposto no artigo 77 desta lei».

Dous. Dáse nova redacción ao título e aos números 1 e 3 do artigo 71, que quedan redactados como segue:

«Artigo 71. *Subministración de información á Administración da Seguridade Social.*

1. Establécense os seguintes supostos de subministración de información á Administración da Seguridade Social:

a) Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Facenda ou, de ser o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais facilitaránlles, dentro de cada exercicio anual, conforme o artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a normativa foral equivalente, ás entidades xestoras da Seguridade Social responsables da xestión das prestacións económicas, e por petición destas, os datos relativos aos niveis de renda, patrimonio e demais ingresos ou situacións dos titulares de prestacións en canto determinen o dereito a elas, así como dos beneficiarios, dos cónxuxes e doutros membros das unidades familiares, sempre que deban terse en conta para o recoñecemento, mantemento ou a contía das ditas prestacións co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

Así mesmo, facilitaránlles ás entidades xestoras da Seguridade Social que xestionen axudas ou subvencións públicas a información sobre o cumprimento das obrigas tributarias, así como os datos relativos ás inhabilitacións para obter este tipo de axudas ou subvencións e á súa concesión que deban terse en conta para o recoñecemento do dereito ou o importe das axudas ou subvencións que se van conceder.

b) O organismo que designe o Ministerio de Xustiza facilitarálles ás entidades xestoras da Seguridade Social a información que estas soliciten sobre as inscricións e os datos que garden relación co nacemento, coa modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións económicas da Seguridade Social.

Ademais, o encargado do Rexistro Central de Penados e o do Rexistro de Medidas Preventivas, Requisitorias e Sentenzas non Firmes comunicarálles, polo menos semanalmente, ás entidades xestoras da Seguridade Social os datos relativos a penas, medidas de seguridade e medidas cautelares impostas por existiren indicios racionais de criminalidade pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, cando a vítima for ascendente, descendente, irmán, cónxuxe ou excónxuxe do investigado, ou estivese ou tivese estado ligada a el por unha relación de afectividade análoga á conxugal. Estas comunicacións realizaranse para os efectos do previsto nos artigos 231, 232, 233 e 234 da presente lei, nos artigos 37 bis e 37 ter do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, e nos artigos 4, 5, 6, 7 e 10 do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.

c) Os empresarios facilitaránlles ás entidades xestoras da Seguridade Social os datos que estas lles soliciten, por vía telemática, sempre que estea habilitada unha canle para a súa remisión informática, co fin de poder efectuar as comunicacións a través de sistemas electrónicos que garantan un procedemento de comunicación áxil no recoñecemento e control das prestacións da Seguridade Social relativas aos seus traballadores.

Os datos que se faciliten en relación cos traballadores deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro e domicilio.

d) O Instituto Nacional de Estatística facilitaralles ás entidades xestoras da Seguridade Social responsables da xestión das prestacións económicas, así como da formación marítima e sanitaria dos traballadores do mar, os datos de domicilio relativos ao padrón municipal referidos ao período que se requira, que comprenderán, se é o caso, os do padrón histórico e/ou colectivo do domicilio, así como onde residen ou residiron os cidadáns, cando os ditos datos poidan gardar relación co nacemento, coa modificación, conservación ou extinción do dereito ás ditas prestacións en calquera procedemento, así como coa actualización da información que consta nas bases de datos do sistema da Seguridade Social.

e) O Ministerio do Interior facilitaralles ás entidades xestoras da Seguridade Social por medios informáticos as datas de concesión, prórroga ou modificación das situacións das persoas estranxeiras en España, de renovación, recuperación ou, de ser o caso, extinción das autorizacións de residencia, e os seus efectos, así como os movementos fronteirizos das persoas que teñan dereito a unha prestación para cuxa percepción sexa necesario o cumprimento do requisito de residencia efectiva en España.

Así mesmo, facilitaralles ás entidades xestoras da Seguridade Social, por medios informáticos, os datos incorporados no documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, a documentación de identidade equivalente das persoas cuxos datos teñan transcendencia en procedementos seguidos ante as ditas entidades xestoras.

f) As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social facilitaránlles telematicamente ás entidades xestoras responsables da xestión das prestacións económicas da Seguridade Social os datos que poidan afectar o nacemento, a modificación, a conservación ou a extinción do dereito ás prestacións e aos seus importes que sexan recoñecidas por aquelas. Así mesmo, facilitaránlle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social os datos que poidan afectar a prestación por cesamento de actividade cando así sexa requirido para iso.

g) O Instituto de Maiores e Servizos Sociais e os organismos competentes das comunidades autónomas facilitaránlles ás entidades xestoras da Seguridade Social os datos de grao e nivel de dependencia e os datos incluídos nos certificados de discapacidade que poidan gardar relación co nacemento, coa modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións en calquera procedemento, así como coa actualización da información que consta nas bases de datos do sistema da Seguridade Social e no sistema de información Tarxeta Social Dixital.

Coa mesma finalidade facilitarán os datos dos beneficiarios, de importes e data de efectos de concesión, modificación ou extinción das prestacións económicas previstas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais subministrarlle ao Instituto Nacional da Seguridade Social a información relativa ás mencionadas prestacións económicas que figure no sistema de información do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, previsto no artigo 37 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

h) As comunidades autónomas facilitaránlles ás entidades xestoras da Seguridade Social, por medios informáticos, os datos relativos ás datas de recoñecemento e vencemento dos títulos de familias numerosas, así como os datos relativos aos membros da unidade familiar incluídos nestes, que poidan gardar relación co nacemento, coa modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións en calquera procedemento, así como coa actualización da información que consta nas bases de datos do sistema.

Así mesmo, facilitaránlles ás entidades xestoras da Seguridade Social que xestionen axudas ou subvencións públicas os datos sobre o cumprimento das obrigas tributarias que deban terse en conta para o recoñecemento do dereito ou o importe das axudas ou subvencións que se van conceder.



Por outra banda, facilitaránlle á entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar os datos sobre o permiso de explotación marisqueira que poidan gardar relación coa incorporación dos traballadores dedicados ao marisqueo no citado réxime especial.

i) A Dirección Xeral da Mariña Mercante facilitaralle á entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar os datos sobre as titulacións correspondentes aos traballadores embarcados que poidan gardar relación co acceso á formación marítima prestada pola citada entidade.

j) As mutualidades de previsión social alternativas ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e os colexios profesionais facilitaránlle á Administración da Seguridade Social, cando así se lles solicite, os datos dos profesionais colexiados que poidan afectar as prestacións, así como a afiliación, alta, baixa e variación de datos e cotización».

«3. Nos procedementos de declaración e revisión da incapacidade permanente, para os efectos das correspondentes prestacións económicas da Seguridade Social, así como no que respecta ao recoñecemento e control das prestacións por incapacidade temporal, orfandade ou asignacións familiares por fillo a cargo, as institucións sanitarias, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e as empresas colaboradoras remitiranlles ás entidades xestoras da Seguridade Social os informes, a historia clínica e os demais datos médicos, relacionados coas lesións e doenzas padecidas polo interesado que resulten relevantes para a resolución do procedemento.

Os inspectores médicos adscritos ao Instituto Nacional da Seguridade Social, no exercicio das súas funcións, cando sexa necesario para o recoñecemento e control da percepción das prestacións dos traballadores pertencentes ao sistema da Seguridade Social, e para a determinación de continxencia, así como os médicos de sanidade marítima adscritos ao Instituto Social da Mariña, para levar a cabo os recoñecementos médicos de embarque marítimo, informando destas actuacións, nos termos e nas condicións que se acorden entre o Instituto Nacional da Seguridade Social, os servizos de saúde das comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, terán acceso electrónico e en papel á historia clínica dos ditos traballadores existente nos servizos públicos de saúde, nas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, nas empresas colaboradoras e nos centros sanitarios privados.

As entidades xestoras da Seguridade Social, no exercicio das súas competencias de recoñecemento e control das prestacións, recibirán os partes médicos de incapacidade temporal expedidos polos servizos públicos de saúde, polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e polas empresas colaboradoras, para os efectos do tratamento dos datos contidos neles. Así mesmo, as entidades xestoras e as entidades colaboradoras coa Seguridade Social poderán facilitarse, reciprocamente, os datos relativos ás beneficiarias que resulten necesarios para o recoñecemento e control das prestacións por risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

A Inspección Médica dos servizos públicos de saúde terá acceso electrónico aos datos médicos necesarios para o exercicio das súas competencias que consten en poder das entidades xestoras da Seguridade Social.

Nos supostos previstos neste punto non será necesario solicitar o consentimento do interesado, de conformidade co disposto nos artigos 6.1.e) e 9.2.h) do Regulamento (UE 2016/679) do Parlamento e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)».

Tres. Dáse nova redacción ao primeiro parágrafo e ás letras c) e d) e engádense as letras i), j), k), l), m) e n) ao número 1 do artigo 77, que quedan redactadas como segue:

«Artigo 77. *Reserva de datos.*

1. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración da Seguridade Social no exercicio das súas funcións teñen carácter reservado e só se poderán utilizar para os fins encomendados ás distintas entidades xestoras, aos servizos comúns e aos órganos que integran a Administración da Seguridade Social, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo que a cesión ou comunicación teña por obxecto:»

«c) A colaboración coa Intervención Xeral da Seguridade Social, no exercicio do seu control interno ou coas demais entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, distintas do cedente e demais órganos da Administración da Seguridade Social.

d) A colaboración con calquera outra Administración pública para a loita contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos, incluídos os da Unión Europea, para a obtención ou percepción de prestacións incompatibles nos distintos réximes do sistema da Seguridade Social e, en xeral, para o exercicio das funcións encomendadas legal ou regulamentariamente a elas para as que os datos obtidos pola Administración da Seguridade Social resulten relevantes».

«i) A colaboración co organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social no exercicio das súas funcións de inspección. O organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social terá acceso directo aos datos, aos informes e antecedentes, obtidos pola Administración da Seguridade Social no exercicio das súas funcións, que resulten necesarios para a preparación e o exercicio das súas funcións de inspección.

j) A colaboración co organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico para que este inicie, de ser o caso, o procedemento de declaración de perda de vixencia do permiso ou a licenza de condución de vehículo de motor por incumprimento dos requisitos para o seu outorgamento naqueles supostos en que o Instituto Nacional da Seguridade Social declare en situación de incapacidade permanente un traballador profesional da condución como consecuencia de presentar unha limitación orgánica e/ou funcional que diminúa ou anule a súa capacidade de condución de vehículos de motor.

A colaboración realizarase mediante un aviso no cal non se farán constar outros datos relativos á saúde do traballador afectado.

k) A finalidade de facilitar a información que sexa estritamente necesaria para o recoñecemento e control das prestacións de carácter social competencia das comunidades autónomas e entidades locais, a través da adhesión aos procedementos informáticos e cos requisitos de tratamento da información establecidos pola correspondente entidade xestora. A información facilitada non poderá ser utilizada con ningunha outra finalidade se non é co consentimento do interesado.

l) A colaboración con calquera outra Administración pública para a subministración e o intercambio de datos en materia de seguridade social para fins de estatística pública nos termos da lexislación reguladora da dita función pública.

m) Fins de investigación científica no ámbito da protección social, no marco establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), incluídas as posibles comunicacións instrumentais que, para os efectos da realización da investigación, resulte preciso efectuar a suxeitos distintos daqueles que leven a cabo directamente a investigación.

Entenderanse comprendidas nesta finalidade as actividades de avaliación das políticas públicas en materia de protección social.

Os tratamentos que se efectúen en relación con esta finalidade limitaranse aos datos estritamente imprescindibles para a realización da actividade de que se trate e utilizaranse os procedementos adecuados que non permitan a identificación dos interesados. Iso non impedirá a comunicación de datos sen anonimizar para efectos simplemente instrumentais cando iso resulte imprescindible para realizar a actividade, se limite aos datos estritamente necesarios, se garanta que o encargado do tratamento non poderá utilizalos con outra finalidade e o tratamento ulterior garanta a non identificación dos interesados.

O tratamento dos datos a que se refiren os artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 unicamente se efectuará cando exista consentimento expreso dos afectados».

n) A colaboración coa Dirección Xeral da Mariña Mercante para o control da situación de alta na Seguridade Social e respecto ao recoñecemento médico de embarque marítimo dos tripulantes e das caixas de primeiros auxilios das embarcacións no exercicio das funcións que ten encomendadas en relación co despacho de buques.

Os datos, informes ou antecedentes a que se refire este punto cederanse ou comunicaranse a través de medios electrónicos, salvo que, por criterio da Administración da Seguridade Social, pola natureza dos informes ou antecedentes, non se poidan utilizar tales medios. A entidade xestora, o servizo común ou o órgano que ceda ou comunique estes datos, informes ou antecedentes establecerá os procedementos e datos a través dos cales se debe realizar a cesión ou comunicación».

Catro. Modifícase o título e o número 1 do artigo 129 e incorpóranse os números 4, 5 e 6, que quedan redactados como segue:

«Artigo 129. *Normas de procedemento, autenticación e sinatura.*

1. A tramitación das prestacións e dos demais actos en materia de seguridade social, incluída a protección por desemprego, que non teñan carácter recadatorio ou sancionador axustarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades nela previstas para tales actos en canto á impugnación e revisión, así como coas establecidas neste capítulo ou noutras disposicións que resulten de aplicación».

«4. A Administración da Seguridade Social facilitaralles aos interesados o exercicio dos seus dereitos, a presentación de documentos ou a realización de calquera servizo ou trámite a través dos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, ou a través doutros medios que garantan a verificación da identidade do interesado e a expresión da súa vontade e consentimento, nos termos e nas condicións que se establezan mediante resolución da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións.

Así mesmo, na tramitación dos procedementos de protección por desemprego, o Servizo Público Estatal facilitaralles aos interesados o exercicio dos seus dereitos, a presentación de documentos ou a realización de calquera servizo ou trámite a través dos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica do Servizo Público de Emprego Estatal ou a través doutros medios que garantan a verificación da identidade do interesado e a expresión da súa vontade e consentimento, nos termos e nas condicións que se establezan mediante resolución da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

Para tal efecto, nas ditas resolucións estableceranse métodos seguros de identificación da persoa física a través da canle telefónica ou de voz, a videochamada

ou videoidentificación, o contraste de datos ou outros que así se establezan, todos eles equivalentes á fiabilidade da presenza física. Eses métodos garantirán, ademais, a xestión da evidencia da identificación realizada.

5. Na tramitación de procedementos da Administración da Seguridade Social e do Servizo Público de Emprego Estatal considerárase válida, para os efectos do artigo 10.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a sinatura inserida nos documentos a que se refire o artigo 11.2 da dita lei, ou no documento adxunto a estes, sempre que se achegue a copia do documento nacional de identidade ou do documento identificativo equivalente e se efectúe a correspondente comprobación favorable a través do Servizo de Verificación de Datos de Identidade e Residencia (SVDIR).

6. Mediante resolución da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións ou do titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal en materia de protección por desemprego poderanse establecer sistemas de sinatura electrónica non criptográfica nas súas relacións cos interesados, respecto aos procedementos e trámites que se determinen.

Os sistemas de sinatura electrónica non criptográfica requirirán a verificación previa da identidade do interesado, a través dos medios a que se refire o número 4.

As aplicacións informáticas en que se utilice un sistema de sinatura electrónica non criptográfica requirirán de forma expresa o consentimento e a vontade de sinatura do interesado, e deberán garantir a non repudiación, a rastrexabilidade do caso, a xestión da evidencia de autenticación e a selaxe da información presentada».

Cinco. Modifícase o artigo 130, que queda redactado como segue:

«Artigo 130. *Tramitación electrónica de procedementos en materia de seguridade social.*

De acordo co disposto no artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, poderán adoptarse e notificarse resolucións de forma automatizada nos procedementos de xestión, tanto da protección por desemprego previstos no título III como das restantes prestacións do sistema da Seguridade Social previstas nesta lei, excluídas as pensións non contributivas, así como nos procedementos de afiliación, cotización e recadación.

Para tal fin, mediante a resolución dos titulares das direccións xerais do Instituto Nacional da Seguridade Social, do Servizo Público de Emprego Estatal e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ou do titular da Dirección do Instituto Social da Mariña, segundo proceda, estableceranse previamente o procedemento ou os procedementos de que se trate e o órgano ou os órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, a programación, o mantemento, a supervisión e o control de calidade e, de ser o caso, a auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indícarase o órgano que debe ser considerado responsable para os efectos de impugnación».

Seis. Engádesse unha disposición adicional trixésimo terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Modificación da competencia territorial de órganos provinciais das entidades xestoras e dos servizos comúns da Seguridade Social.*

1. A competencia das direccións provinciais das entidades xestoras, dos servizos comúns da Seguridade Social e das unidades dependentes destas poderase estender a procedementos e actuacións correspondentes a ámbitos territoriais diferentes ao da súa demarcación provincial, nas condicións e nos termos establecidos mediante a resolución do máximo órgano de dirección da entidade ou do servizo común, que deberá ser obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Nos supostos de extensión da competencia territorial acordada de conformidade co establecido no punto anterior, para os efectos de impugnacións e recursos, entenderase que o acto administrativo o adoptou o órgano ou a unidade territorial a que lle correspondese ditado de non se ter producido a extensión competencial referida.

Sete. Engádesse unha disposición adicional trixésimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo cuarta. *Habilitación aos autorizados do Sistema RED.*

Conforme o previsto no artigo 131 desta lei, os autorizados para actuar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema RED) estarán habilitados para efectuar por medios electrónicos as solicitudes e demais trámites relativos á afiliación dos traballadores, aos aprazamentos no pagamento de débedas, ás moratorias no pagamento de cotizacións e ás devolucións de ingresos indebidos coa Seguridade Social correspondentes aos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar en cuxo nome actúen.

Os autorizados a que se refire esta disposición tamén poderán facilitar á Administración da Seguridade Social, a través do Sistema RED e logo do consentimento dos interesados, o teléfono móbil dos traballadores ou asimilados a eles que causen alta en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social. En tal consentimento deberá incluírse de xeito expreso a autorización para o uso do teléfono móbil como medio de identificación fidedigna daqueles, así como a aceptación pola súa parte do envío de comunicacións e avisos da Administración da Seguridade Social».

Oito. Engádesse unha disposición adicional trixésimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Convenios do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña coas comunidades autónomas e co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.*

O Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña incluírán nos correspondentes convenios que subscriban coas comunidades autónomas e, se é o caso, co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria obxectivos específicos relacionados co acceso electrónico á historia clínica dos traballadores previsto no artigo 71.3 da presente lei, así como co intercambio de información e co seguimento dos ditos accesos».

Novo. Modifícase o número 5 da disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

«5. Con efectos do 1 de xaneiro de 2021, seguiráselles aplicando a regulación da pensión de xubilación, nas súas diferentes modalidades, nos requisitos de acceso, condicións e regras de determinación de prestacións, vixentes antes da entrada en vigor da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, ás pensións de xubilación que se causen antes do 1 de xaneiro de 2022, nos seguintes supostos:

a) Ás persoas cuxa relación laboral se extingue antes do 1 de abril de 2013, sempre que con posterioridade a tal data non volvan quedar incluídas nalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social.

b) Ás persoas con relación laboral suspendida ou extinguida como consecuencia de decisións adoptadas en expedientes de regulación de emprego, por medio de convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, así como por decisións adoptadas en procedementos concursais, aprobados, subscritos ou declarados con anterioridade ao 1 de abril de 2013,

sempre que a extinción ou suspensión da relación laboral se produza con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.

Será condición indispensable que os indicados acordos colectivos de empresa se encontren debidamente rexistrados no Instituto Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña, se é o caso, no prazo que regulamentariamente se determine.

c) Non obstante, as persoas a que se refiren as alíneas anteriores tamén poderán optar por que se aplique, para o recoñecemento do seu dereito á pensión, a lexislación que estea vixente na data do seu feito causante».

Disposición derradeira sexta. *Modificación do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. Con carácter excepcional, e como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19, os artistas en espectáculos públicos que tivesen dereito ao acceso extraordinario ás prestacións económicas por desemprego, nos termos previstos no artigo 2 do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-2019, poderán continuar percibíndoas ata o 31 de maio de 2021.

2. A prestación será incompatible coa realización de actividades por conta propia ou por conta allea, ou coa percepción de calquera outra prestación, renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axudas análogas concedidas por calquera Administración pública.

Unha vez recoñecido o dereito á percepción da prestación, suspenderase mentres o titular do dereito realice un traballo por conta propia ou por conta allea. A suspensión do dito dereito suporá a interrupción do aboamento da prestación, que se restablecerá unha vez finalizado o traballo, durante o tempo que reste do período de percepción que corresponda e como máximo ata o 31 de maio de 2021.

3. Será de aplicación en todo caso o disposto no artigo 2 do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, salvo o relativo á duración da prestación, que se estenderá ata a data indicada no número 1».

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 3, que pasa a ter a seguinte redacción:

«4. O subsidio excepcional extinguirase o 31 de maio de 2021 e non poderá percibirse en máis dunha ocasión».

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 4, que queda redactado do seguinte modo:

«3. O dereito á prestación por desemprego regulada neste artigo quedará extinguido o día 31 de maio de 2021, con independencia dos días de dereito que ata esa data se consumisen.

A dita extinción non constitúe o esgotamento dunha prestación contributiva por desemprego para os efectos do acceso aos subsidios por desemprego regulados no texto refundido da Lei xeral da seguridade social».

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria.*

Engádese un número 4 no artigo 3 do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, coa redacción seguinte:

«4. Excepcionalmente durante o ano 2021, aínda que os estatutos non o tivesen previsto, as sesións dos órganos de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís e do Consello Reitor das sociedades cooperativas poderán realizarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico de cada un dos concorrentes. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase realizada no domicilio da persoa xurídica.

Excepcionalmente, durante o ano 2021, aínda que os estatutos non o tivesen previsto, os acordos dos órganos de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do Consello Reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión, sempre que o decida o presidente, e deberán adoptarse así cando o soliciten, polo menos, dous dos membros do órgano. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase realizada no domicilio social. Será de aplicación a todos estes acordos o establecido no artigo 100 do Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, aínda que non se trate de sociedades mercantís».

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.*

Modifícase o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, nos seguintes termos:

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Prórroga extraordinaria dos contratos de arrendamento de vivenda habitual.*

Nos contratos de arrendamento de vivenda habitual suxeitos á Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, nos cales, dentro do período comprendido desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata a finalización do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, finalice o período de prórroga obrigatoria previsto no artigo 9.1 ou o período de prórroga tácita previsto no artigo 10.1, ambos os dous artigos da referida Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, poderá aplicarse, logo de solicitude do arrendatario, unha prórroga extraordinaria do prazo do contrato de arrendamento por un período máximo de seis meses, durante os cales se seguirán aplicando os termos e as condicións establecidos para o contrato en vigor. Esta solicitude de prórroga extraordinaria deberá ser aceptada polo arrendador, salvo que se fixasen outros termos ou condicións por acordo entre as partes, ou no caso de que o arrendador comunicase nos prazos e nas condicións establecidos no artigo 9.3 da Lei 29/1994,

do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, a necesidade de ocupar a vivenda arrendada para destinala a vivenda permanente para si ou para os seus familiares en primeiro grao de consanguinidade ou por adopción, ou para o seu cónxuxe, nos supostos de sentenza firme de separación, divorcio ou nulidade matrimonial».

Dous. O número 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. A persoa arrendataria dun contrato de vivenda habitual suscrito ao abeiro da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, que se encontre en situación de vulnerabilidade económica, tal e como se define no artigo seguinte, poderá solicitar da persoa arrendadora, cando esta sexa unha empresa ou entidade pública de vivenda ou un gran tedor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que sexa titular de máis de dez inmobles urbanos, excluídos os garaxes e rochos, ou dunha superficie construída de máis de 1.500 m<sup>2</sup>, ata a finalización do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e prorrogada polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda, sempre que tal aprazamento ou a condonación total ou parcial desta non se conseguise xa con carácter voluntario por acordo entre ambas as dúas partes».

Disposición derradeira novena. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas nas materias de lexislación laboral e de lexislación básica e do réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira décima. *Habilitación normativa.*

Habilitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO

### **CNAE-09 a que pertencen as empresas especialmente afectadas a que se refire a disposición adicional primeira**

- 710. Extracción de minerais de ferro.
- 1811. Artes gráficas e servizos relacionados con estas.
- 1812. Outras actividades de impresión e artes gráficas.
- 1820. Reprodución de soportes gravados.
- 2051. Fabricación de explosivos.
- 2441. Produción de metais preciosos.
- 2670. Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico.
- 3212. Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares.
- 3213. Fabricación de artigos de bixutería e artigos similares.
- 3316. Reparación e mantemento aeronáutico e espacial.



- 4624. Comercio grosista de coiros e peles.
- 4634. Comercio grosista de bebidas.
- 4741. Comercio retalista de ordenadores, equipamentos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados.
- 4932. Transporte en taxi.
- 4939. Outros tipos de transporte terrestre de pasaxeiros n.c.n.p.
- 5010. Transporte marítimo de pasaxeiros.
- 5030. Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores.
- 5110. Transporte aéreo de pasaxeiros.
- 5122. Transporte espacial.
- 5223. Actividades anexas ao transporte aéreo.
- 5510. Hoteles e aloxamentos similares.
- 5520. Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadía.
- 5530. Cámpings e aparcadoiros para caravanas.
- 5590. Outros aloxamentos.
- 5610. Restaurantes e postos de comidas.
- 5630. Establecementos de bebidas.
- 5813. Edición de xornais.
- 5914. Actividades de exhibición cinematográfica.
- 7711. Alugamento de automóbiles e de vehículos de motor lixeiros.
- 7722. Alugamento de fitas de vídeo e discos.
- 7729. Alugamento doutros efectos persoais e artigos de uso doméstico.
- 7734. Alugamento de medios de navegación.
- 7735. Alugamento de medios de transporte aéreo.
- 7911. Actividades das axencias de viaxes.
- 7912. Actividades dos operadores turísticos.
- 7990. Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.
- 8219. Actividades de fotocopia, preparación de documentos e outras actividades especializadas de oficina.
- 8230. Organización de convencións e feiras de mostras.
- 9001. Artes escénicas.
- 9002. Actividades auxiliares ás artes escénicas.
- 9004. Xestión de salas de espectáculos.
- 9104. Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais.
- 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.
- 9321. Actividades dos parques de atraccións e dos parques temáticos.
- 9329. Outras actividades recreativas e de entretemento.
- 9601. Lavado e limpeza de pezas téxtiles e de pel.
- 9604. Actividades de mantemento físico.